

A fala de Vigo

Trazos diferenciais da nosa variedade dialectal



Xosé-Henrique Costas González
Asociación Faladoiros Vigo

Xosé-Henrique Costas




Xosé-Henrique Costas é catedrático de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo, onde exerce a docencia desde hai máis de trinta anos. Foi director da ANL e vicerreitor de Extensión Universitaria. Actualmente é director do Departamento de Filoloxía Galega. Como investigador está especializado en dialectoloxía das falas galegas do

exterior, nomeadamente das falas do val do Ellas (Cáceres), en sociolingüística das linguas minorizadas e, por devoción, na obra poética e tradutora de Álvaro Cunqueiro.

É autor de máis de setenta libros e artigos sobre temas de dialectoloxía galego-portuguesa, sociolingüística, onomástica, tradución poética e poesía galega.

Área de
Normalización Lingüística

UniversidadeVigo



Edición

Universidade de Vigo
Área de Normalización Lingüística

Deseño gráfico da portada

Tania Sueiro
Área de Imaxe
Vicerreitoría de Comunicacións e Relacións Institucionais

Maquetación e impresión

Gráficas Anduriña

ISBN (libro impreso)

978-84-1188-027-5

Depósito legal

VG 450-2024

© Área de Normalización Lingüística, 2024
© Xosé-Henrique Costas e Asociación Faladoiros Vigo
Mapas elaborados con materiais do ALGa

Sen o permiso escrito da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, quedan prohibidas a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.

Área de
Normalización Lingüística

Universidade de Vigo



A fala de Vigo

*Trazos diferenciais da nosa
variedade dialectal*

*Xosé-Henrique Costas González
Universidade de Vigo
Asociación Faladoiros Vigo*

VIGO

Heite de recordar con parrumeira
na rude procesión da madrugada
de ir traballar, submersa na alborada
que te invade metálica e mareira.

Heite de amar formando barricada
de claro desespero, abrindo xeira
de nova promisión, roxa fogueira
prendendo de protesta meditada.

Heite soñar a modo pra saberte,
ouh cidade, de fúlgura clasista,
caldeiro de ferver ou mar humano,

e hei de agardar un día que desperte
cunha lúcida luz nacionalista
e un cálido fragor republicano.

Darío X. Cabana, *Patria do mar*, 1989

A luz artificial non nos deixa pensar que soñamos

Luísa Villalta



Aos vigueses e viguesas das parroquias da ribeira, do val e dos montes, onde o noso idioma secular resiste e por iso re-existe.

Ás boas xentes dos Faladoiros-Vigo, militantes no voluntariado pola lingua e exemplares na súa defensa alegre, xenerosa e comprometida.

Aos colegas filólogos do Fragoso Ramón Martíns Seixo (Lavadores), Brais Costas Fragueiro (Zamáns), Eva Castro Figueiras (Valadares), Amparo Ramilo Costas (Freixeiro) e Niobe Alonso (Coruxo), polas suxestións de mellora, polas voces e polas frases achegadas. Este opúsculo tamén é deles.

A Xosé Luís Méndez Ferrín, ourensao-vigués que se entusiasinou cando lle propuxemos facer o prólogo, polo moito que lle quere á súa terra de acollemento e á variedade do galego que falamos nela.

A miña nai, Aurora González, nativa das Espadeiras (Freixeiro), con pai de Redomeira (Lavadores) e nai de Quirós (Sárdoma), porque nos seus últimos dez días de vida nos legou ducias de palabras das ribeiras do Lagares no medio dos recordos da súa existencia.



I

Otero Pedrayo, que era un gran definidor de territorios e comunidades, ten dito que Vigo, máis ca unha cidade, constitúe unha bisbarra complexa. Lembreino ao ler o orixinal do libro que teño a honra de presentar e que o lector está a encertar neste intre. Eu, pola miña banda, réndome á intuición do Mestre para entender a primeira cidade de Galicia desde o seu punto de vista.

A presente obra de Xosé-Henrique Costas González estuda sistemáticamente a lingua tradicional de Vigo e o seu *hinterland* e as variedades que amosa. Faino desde a obxectividade científica pero confesándose parte entusiástica do tema cando subtitula «a nosa variedade dialectal». O profesor Costas, alén de lingüista e filólogo en toda a extensión da palabra, é partisano do pluralismo da lingua humana, que el sempre defende; e sempre do lado máis difícil da contradición.

Neste sentido, tenlle dedicado unha atención especial aos falares dos territorios nos que o galego se acha peor tratado polos poderes públicos: Asturias, León e Zamora, e o val do Ellas en Cáceres. A estas comunidades galegófonas dedicou Costas esforzos de investigación e publicacións pioneiras, nun constante labor de animación sociolingüística. E el entrou, solidariamente, á Estremadura española de lingua portuguesa e á Miranda do Douro leonesa que a República veciña e o Estado español descoñecen con soberbia anacrónica e imperial.

Diciamos que Xosé-Henrique Costas é un filólogo en plenitude. A súa dedicación á literatura levouno a Álvaro Cunqueiro, o que o situou inequivocamente como o mellor coñecedor da obra do mindoniense, especialmente da súa poesía e traducións poéticas.

Por parte, celebramos con ledicia a presenza de Xosé-Henrique Costas na literatura de creación cunha excelente novela histórica titulada *Ao sur da liberdade* (Morgante, Cangas, 2023). Agardamos del máis narrativa.

II

De obra de dezaoto anos eu viñen vivir, cos meus pais, a Vigo e aquí xunteime coa *harka* (diciase moito a palabra, coído que bérbere de procedencia) do que eran líderes dous camaradas inesquecíveis: Manuel Germade Domínguez e Perfeito Balado Costas. Ambos os dous, sardomeiros con casa familiar en Miraflores, nome que tamén levaba o castelo de Oriana ou Oureana do Amadís. Eles foron os meus mentores no coñecemento e exploración de partes do territorio municipal de Vigo que exceden o centro da «grande urbe atlántica», que dicía habitualmente Paz Andrade. Cada domingo de verán, e durante varios anos, viaxamos a pé por camiños, falamos en tabernas e participamos nas festas de todas as parroquias de Vigo, nas que se inclúen as da Ribeira, ou sexa do Berbés.

Na compañía dos citados, e outros máis, aprendín expresións e palabras galegas, para min novas, como foron *cáncaro*, *viño de mazán*, *ferro do monte*, *fuiña*, *martagaño*, *alcouve*, *labishome*, *charrao*, *pirú*. Mesmo aprendín a detectar a procedencia de calquera vigués pola súa pronunciación e vocabulario; non tanto coma o profesor da obra de Shaw, iso si. Por aqueles días impresionoume o Berbés nocturno e de mañá cedo, co galego expandíndose en moitedume monolingüe. E, especialmente, gocei coas poxas na nosa lingua, de baixo arriba, na doca de Altura.

Agora encóntrome con este libro de Xosé-Henrique Costas que ilumina e converte en ciencia, aínda que enchida de afectividade, aquilo que eu ignoraba ou permanecía na miña memoria en estado fragmentario.

Sinto que o galego de Vigo alenta con naturalidade no que eu falo e escribo. E dou beizóns á Fortuna por me ter permitido vivir, en anos de formación, nesta cidade e bisbarra complexa.


A fala de Vigo une, pois, a metódica estrita da dialectoloxía, un ben escribir e un saber interesar o lector, que somos nós. Gozade do libro.

Xosé Luís Méndez Ferrín
Vigo, xuño de 2024

1. INTRODUCCIÓN

O actual concello de Vigo, resultado da fusión de Vigo, Bouzas e Lavadores, sitúase xeograficamente no Val de Fragoso, bacía vertebrada polo antigo río Sárdoma, hoxe chamado Lagares —e tamén Gandariña nalgún tramo—, e os seus afluentes Sardomela, Cernade, Rego, Eifonso e Barxa. Trátase dun val aberto ao mar e cinxido pola coroa verde dos montes de Coruxo, Alba, Outeiro do Gato (Cepudo), serra do Galiñeiro e cordal do Vixiador ata A Madroa. Pero en Vigo hai tres parroquias que son transicións xeográficas e lingüísticas ao Val Miñor: Zamáns, Oia e Saiáns.


O estudo máis importante sobre a fala de Vigo foi o que elaboraron nos anos 1974-1975 os lingüistas do Instituto da Lingua Galega (ILG) cando realizaron o *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)* e situaron un punto de enquisa en Moledo (Sárdoma), o P-24.



Segundo a clasificación do catedrático e académico Francisco Fernández Rei (1990), coautor do ALGa, a fala do Val de Fragoso pertence á **microsubárea Fragoso-Morrazo** das falas surpontevedrasas, dentro do bloque occidental das falas galegas. Ten os trazos propios do bloque occidental (*gheada, seseo, mañán, pantalóns, comeches* etc.) e as características diferenciais desta microsubárea da ría de Vigo.

¹Fonte: https://gl.wikipedia.org/wiki/Áreas_lingüísticas_do_galego#/media/Ficheiro:Galician_linguistic_areas.PNG.

A grandes trazos, este gran bloque occidental xébrase dos bloques central e oriental polas isoglosas da terminación plural **-ns** das palabras agudas rematadas en **-n**: *canciósns, refénsns, ruínsns, lambónsns, comúnsns* (*canciónsns, lambónsns...*, no bloque central e *cancioisns, lamboisns...*, no oriental); e pola terminación **-án** (do latín **-ANU/A**) indiferente para o masculino e o feminino: *a masán, a mañán, a/o irmán, a/o chan* (*A Chan da Lagoa, As Chans*), *o verán, a man, a lan, a ran* etc. (*a mazá, a mañá, a irmá, o chao, o irmao, o verao, a mao, a la, a ra* no resto das falas galegas). Na toponimia viguesa temos exemplos abondos destes fenómenos como *Baruxánsns, Saiánsns, Esturánsns*,² *Os Petónsns, Os Porriñánsns...*, e *O Pompeán, A Ran, A Quintán*,³ *A Fontán* etc.



Mapa 2. Diferenzas dialectais do sur de Pontevedra

Tanto é así que, analoxicamente, debido a ese dominio das terminacións en **-án**, e non en **-á**, o topónimo *Matamá* acabou sendo pronunciado como *Matamán* e o seu xentilicio foi *matamanexa/o*, con **-n-** intervocálico procedente do **-n** final de *Matamán*. En Valdares temos tamén un *A Regamán*, que debería ser en galego común *A Regamá*; como o haxiotopónimo occidental *San Fins* (<FELICE), que debería ser **San Fis* (como *San Fiz* na zona non seseante) ou o apelido *Miguéns* da Arousa norte, que debería ser **Migués* (*Miguez*), pero toman un **-ns** analóxico occidental de *rinsns, carmínsns, xardínsns, Martínsns* etc.

Os principais trazos caracterizadores da microsubárea Morrazo-Fragoso son os que iremos debullando nas seguintes páxinas que, querendo ser unha mostra da nosa maneira de falar, non pretenden ser exhaustivas.

²En Coia, xentilicio de Asturias, «asturianos», outro topónimo de repoboación, como *Cambeses* (do Val de Camba, actual concello de Rodeiro) en Cabral.

³Na Galicia atlántica a forma feminina en topónimos e apelidos é *Quintán* (como *mañán* e *mazán*), non **Quintana*, da mesma maneira ca na Galicia central e oriental é *Quintá* (como *mañá* e *mazá*).



Mapa 3. Val de Fragoso, orografía e hidrografía



Mapa 4. Zonas microdialectais en Vigo⁴

⁴**Fragoso norte (FN)**: Teis, Candeán, Centro, Lavadores e Cabral; **Fragoso sur (FS)**: Coruxo, Comesaña, Matamá, Valadares, Beade, Bembrive e parte alta de Castrelos; e **Fragoso mixto (FX)** ou de intersección das anteriores: Navia, Alcabre, Coia, Bouzas, Freixeiro, Castrelos e Sárdoma. Oia, Saiás e Zamáns son zonas de transición entre o Fragoso e o Miñor. O norte de Teis ten algún trazo diferente que o asemella máis á fala de Redondela-Soutomaior-Pazos de Borbén ca á fala do Fragoso.

2. FONÉTICA, FONOLOXÍA E PROSODIA

A fala de Vigo, coma todo o bloque occidental e boa parte do central, ten **gheada**. A gheada de Vigo é fundamentalmente velar [x] ou forte, *un khicho de Vikho*, aínda que na maioría do FS, en falantes de idade, atopamos a realización aspirada [h] ou gheada suave: *un ghicho de Vigho*. Porén, na fala da xente nova só atopamos gheada esporádica fosilizada en topónimos, alcumes e formas léxicas moi determinadas, e só en contextos moi familiares ou distendidos. Dentro das realizacións da gheada, no galego popular de Vigo é normal a realización do grupo *-ng-* como *-nk-* en interior de palabra: *dominko, ninkún, ankasó, mankeira, carankexo, quirinkosta*, sobre todo no FS. Na toponimia de Vigo temos exemplos como *A Quirincosta* (A Congostra), *Caranquexo* ou *Mancal*.

Do mesmo xeito ca a maior parte das falas costeiras pontevedresas, a de Vigo ten **seseo**: ausencia do fonema fricativo interdental xordo /θ/. O seseo de Vigo é de dous tipos: apicoalveolar [ʃ] nas parroquias do FN (*o Selta ghañou sinco sero*) e predorsal [s] nas parroquias do FS: *o Çelta ghañou çinco çero*. Nestas últimas, de seseo predorsal (representado aquí graficamente por ç), é posible a aparición do fenómeno da despalatalización do fonema /j/ (grafado x) como [ʃ] apicoalveolar: *hoxe xantei xoubas na Laxe > hose santei soubas na Lase*. Ao igual que ocorría coa gheada, na xente nova o seseo só o rexistramos en topónimos, alcumes (*Minso, Tinso...*) e determinadas formas léxicas (*sudre, toutiso...*).



Mapa 5. En amarelo, Fragoso norte (FN) con gheada forte [x] e seseo apical [ʃ].
En vermello, Fragoso sur (FS) con gheada aspirada [h] e seseo predorsal [s].
En laranxa, a zona mixta con presenza de ambos os tipos de gheada e de seseo


En Ceboleira (Lavadores), a mediados de 1980, aínda se conservaba en falantes maiores o chamado sistema mixto de transición, pois distinguían o seseo predorsal [s] do apical [ʃ], e así daban *un pa[s]o no pa[s]o* (*un paso no paço*). Hoxe en Lavadores xa case non se rexistra nin seseo.

A estigmatización do seseo de Vigo por parte de autoridades, medios e persoas foráneas provocou que hoxe, por unha banda, moitos topónimos presenten na súa forma oficial o seseo inconsciente: *O Rabiso, Rúa da Señá* (*Rúa da Aceña*), *As Penisas, Rorís, O Ripanso, Os Ameases,*

Suasálvares...,⁵ e pola outra, hainos consagrados con ultracorreccións do seseo: *O Chouzo*, *As Cíes*, *O Rocío*,⁶ que deberían ser correctamente na fala e na escrita *O Chouso*,⁷ *As Sías* e *O Resío*.

Ás veces, algúns falantes seseantes, sobre todo xente maior e pouco escolarizada –ou sexa, pouco castelanizada–, ao trataren de pronunciar a interdental [θ], articulan a labiodental [f]: *bacallau de Esc-co[f]ia*.⁸ Para as persoas que somos nativas das parroquias de Vigo, hai moitas palabras que nos soan «raras» pronunciadas sen gheada (*ghicho*, *aghudisar*, *ouroghe*s, *ghichar*...) ou sen seseo (*toutiso*, *sudre*, *petouraso*, *lusincú*, *denusiña*, *tirisón*...), tanto en galego común coma en castelán (de Vigo).

No vocalismo tónico, o galego de Vigo presenta as **metafonías nominais** normais do occidente: *nôvo*, *sôgro*, *pôsto*, *ôllo* con [o] fechado representado aquí como ô; *èla*, *aquèla* con [ɛ] aberto non etimolóxico ou *ròla*, *pègha*, *hòra*, *mèsa* con vogais abertas non etimolóxicas representadas aquí como è, ò. Tamén ten o galego de Vigo a típica **trabazón vocálica da nasal** occidental en *dênte*, *têmpo*, *fônte*, *pônte*..., con vogais tónicas fechadas por efecto da nasal trabante, cando etimoloxicamente deberían ser vogais abertas.



Mapa 6. Metafonías e trabazóns nasais, diferenzas entre o occidente e o centro-oriente



Mapa 7. Aberturas vocálicas non etimolóxicas en presenza de -a final

A novidade do galego de Vigo dentro do galego común e do bloque occidental é a **inestabilidade do /ɛ/ tónico aberto**, que provoca a pronuncia de voces como *nêve*, *mêl*, *dês*, *quêre*, *fêrve* con è fechado, cando en todo o galego estas voces teñen vogal tónica aberta è. Esta inestabilidade do /ɛ/ pona Fernández Rei (1990) en relación coa ditongación goianesa (de Goián, Tomiño). Cando no suroeste de Pontevedra pronunciamos con [ɛ] aberto: *fêsta*, *hèrba*, *quèro*, *cancèla*, *cadèla*, o goianés ditonga en [ja]: *fiasta*, *hiarba*, *quiaro*, *canciala*, *cadiala*; e cando no suroeste de Pontevedra pronunciamos [e] fechado: *nêve*, *mêl*, *quêre*, *fêrve*, o goianés pronuncia o ditongo tamén máis fechado [jɛ]: *niève*, *mièl*, *quière*, *fièrve* (Fernández Rei, 1990).

⁵Coma no resto do territorio lingüístico galego, tan rico en toponimia, son moitos os microtopónimos vigueses derivados de SUB- (debaixo de): *Sorrego*, *Suahorta*, *Sueido*, *Suocamiño*, *Suaeira*, *Solevada*, *Sospalleiros*...

⁶*Resío* vén do latín RESIDUUM, oureleira ou lugar nunha marxe onde se bota o reboutallo dos labores agrícolas. A igrexa entendeu *Rocío* por *Resío* e hoxe a parroquia do Resío é *Nuestra Señora del Rocío* (y olé!).

⁷*Chouso* vén do latín CLAUSUM, referido a un terreo cercado.

⁸Xa hai exemplos disto no galego medieval e no galego medio.



Mapa 8. A inestabilidade do /ε/ no suroeste de Pontevedra

Outro fenómeno que afecta ás falas surpontevedresas é a **redución do hiato -oa** (< OLA) en -ò: *filló, mó, correó, Figueiró, Pereiró, Penedo da Mó*. En Vigo temos *Pereiró* (do latín PIRARI-OLA) –moi preto de *A Falcoa* (do latín FALC-ONA)– e máis formas na toponimia como *Cerdeiró* e *Figueirós* en Bembrive, por exemplo, pero *Figueiroa* (FICARI-OLA) en Teis. Neste aspecto, Teis compórtase de maneira diferente do galego de Vigo, pois conserva o hiato -oa.



Mapa 9. Evolución do hiato -oa > ò

Verbo dos **ditongos**, as falas de Vigo coinciden coas da Fisterra e as de todo o galego oriental en que as formas MŪLTU, AUSCŪLTARE, TRŪCTA, LŪCTA teñen *-uit-*: *muchto, escuítar, truita, luita*; e coinciden con case todo o galego en que as formas ōcto, nŏcte derivan en *-oit-*: *oito, noite*. Agora ben, entre nós, as formas CŌRIU, VERSŌRIA evolucionaron de maneira moi especial: mentres todo o galego o fixo co ditongo *-oi-*, o galego de Vigo e do suroeste evolucionou a *-ou-*: *couro, vasoura, lavadouro, corredoura*.




Mapa 10. Resultados dos grupos latinos *-ŭlt-*, *-ŭct-*, *-ōct-*, *-ōrf-* e *-ōrf-*

	MŪLTU	TRŪCTA	NŌCTE	CŌRIU	VERSŌRIA
Fisterra e Xallas (bloque occidental)	muchto	truita	noite	cuíro	vasuíra
Bloque central e centro do bloque occidental	moito	troita	noite	coiro	vasoíra
Bloque oriental	muchto mutio	truita truta trutia	noite	coiro	vasoíra
Suroeste de Pontevedra (bloque occidental)	muchto	truita	noite	couro	vasoura


Deste xeito, temos voces diferenciais como *postouro*, *petouro* (*apetourar*, *petouraso*), *couro* (*encourada*, *couracha*), *delourar*, *vasoura*, *lavadouro*, *ancoradouro* etc. E mesmo a rúa *A Corredoura* de Tui (hoxe traducido en *La Corredera* ou mal regaleguizado nun acastelanado *A Corredeira*, nin sequera nun galego estándar e maioritario *A Corredoira*). A toponimia de Vigo está chea destas formas, pois temos ducias de *Lavadouro* pero tamén temos varias *Corredoura*, *Pousadouro*, *Rexedouro*, *Rapadouro*, *Breadouro*, *Viloura* etc.

A **prosodia** de Vigo, o acento, e en xeral do sur de Pontevedra, tamén é algo diferente do galego común, por termos unha curva melódica circunflexa. Nas interrogacións, o castelán ten unha curva melódica ascendente, mentres que o galego común ten unha curva melódica descendente:

Vas vir hoxe á casa?




Queres unha bolsa?




Porén, no Morrazo e no suroeste de Pontevedra temos unhas entoacións interrogativas con picos ascendentes ao final, é o chamado acento circunflexo ou curva entoativa circunflexa:

Vas vir hoxe á casa?



Queres unha bolsa?



En Vigo esta entoación só é característica do Fragoso sur (e tamén dos vales da Louriña e do Miñor), mais, por desgraza, está connotada negativamente. Preguntar con acento interrogativo circunflexo do sur está estigmatizado, mal visto. Entoar nas interrogacións co acento descendente do galego común é «o normal» nun concello onde máis da metade da súa poboación procede de Ourense, do interior de Pontevedra e do sur de Lugo; o acento galego común é o non marcado.

3. MORFOLOXÍA

Imos dar simplemente unhas leves pinceladas da nosa variedade, tanto diacrónica coma sincronicamente:

- a) O plural dos nomes agudos rematados en *-l* facíase historicamente substituíndo *-l* por *-s*, como vemos na toponimia viguesa: *Os Currás, Os Ervillás, Casás, Amarás, Orxás, Painzás, Espedrás, Peizás...* (e mesmo ás veces con dobre pluralización: *Amarases-Amaraces*), coma a práctica totalidade do galego occidental e central. A finais do século XVIII temos os primeiros rexistros de plurais como *Os Ameales* e *Os Breales*. Na fala de Vigo temos un par de exemplos de plurais tradicionais nas formas *reás* (plural de *real*, tipo de moeda antiga) e *cadris* (plural de *cadril*).
- b) O galego de Vigo diferencia(ba) **nós** de **nosoutros** e **vós** de **vosoutros** –como recomendan Álvarez e Xove (2002)–, pois existen rexistros disto en 1990 en falantes de Zamáns: «*Nós* na nosa parroquia na gherra pasamos muita fame, pero *nosoutros* na casa aínda tiñamos porco e fómola virando». *Nosoutros* é un subconxunto dentro dun *nós* máis grande e plural.
- c) Emprego da forma oblicua do pronome en lugar da forma plena: aí vén Xoán = **alá o vén** (*allá lo viene*, en castelán de Vigo), **alí a vai** (*alí vai ela*), **aquí cho está**, **aí cho queda**, sempre con adverbios de lugar. E, falándonos en pronomes persoais, é tamén normal, coma en todas as falas da metade occidental e meridional de Galicia, a inexistencia do pronome *lles*, pois só usamos *lle* (para el/ela e para eles/elas), e así *dállo* pode ser a el/ela ou a eles/elas, en contraposición co galego estándar e setentrional que diferencia *dállo* (a el/ela) de *dállelo* (a eles/elas).
- d) Os demostrativos neutros hipercharacterizados: **isto, iso, aquilo**.



Mapa 11. Paradigma dos demostrativos neutros

- e) As formas verbais das primeiras persoas dos perfectos da CI teñen o SNP *-ei* (*cheguei, mirei*), coma o común das falas galegas, agás nas parroquias raianas co Miñor e coa Louriña, onde o SNP é *-én*: *eu cheghén, eu mirén, eu levén, eu cantén...*



Mapa 12. Distribución de *mirei/mirén* e *levades/levandes*

- f) Acento esdrúxulo nas P4 e P5 do presente de subxuntivo: *lévedes, lévemos, fághades, fághamos, téñades, téñamos, óiades, óiamos...*, alternando co acento grave común: *levedes, levemos, faghades, faghamos...*



Mapa 13. Distribución do acento nas P4 e P5 do presente de subxuntivo e das formas *pór/poñer*

- g) Formas populares *imos, ides, iamos, iades* coincidentes coas do galego estándar.

h) Perífrase obrigativa (recomendativa) **querer + participio flexivo**:

Esa nena quería bañada e deitada = A esa nena había que bañala e deitala

Alguén tería que bañar e deitar a nena

É necesario bañar e deitar esa nena

A nena necesita ser bañada e deitada

Eses coches querían lavados = Hai/había que lavar eses coches

É necesario lavar eses coches

Alguén debería lavar eses coches

Os coches necesitan ser lavados

As cousas querían mellor explicadas = As cousas hai/había que explicalas mellor

As cousas necesitan ser explicadas mellor

Habería que explicar mellor as cousas

É necesario explicar mellor as cousas

Esta perífrase, moi usada tamén no castelán popular de Vigo por galeguismo, deriva directamente da ruína da voz pasiva no latín vulgar e é normal e habitual en linguas románicas como o djudezmo, o sardo ou –en certo modo– o romanés, pero na península ibérica só temos rexistros dela no noso galego do suroeste de Pontevedra.

4. LÉXICO E FRASEOLOXÍA

O mundo da fraseoloxía é infindo e a maioría dos refráns e das frases feitas teñen continuidade noutras zonas de Galicia e equivalencia noutras linguas veciñas. Por desgraza, este é o eido onde se producen as maiores interferencias do castelán no galego debido á presión indolora dos medios de comunicación e do mundo escolar. En todo o galego queda aínda moita fraseoloxía por recoller (para logo usar) e temos que bulir porque nos están a arder as bibliotecas viventes. É posible que algunhas destas frases ou refráns que temos oído das nosas persoas maiores tamén se usen fóra de Vigo, pero polo menos as que relacionamos a continuación forman parte da nosa maneira cotiá e propia de falar:⁹

A base de cortar collóns, apréndese a capar (R). Unha persoa acaba facendo ben algo, aínda que non teña nin idea, despois de facelo varias veces.

A cabra co visio bateu cos cornos no esterco / A cabra co visio dá cos cornos no cu (R). A xente co vicio xa non sabe o que ha facer.

A chorar a Canghas (ou Cancas)! / Ide chorar a Canghas (ou Cancas)! (F). Emprégase para se desentender dunha persoa pedichona ou que está todo o día a protestar ou a choromicar por algo.

A ghaita é pró ghaiteiro (e o tambor pró tamborileiro) (R). Cada traballo ten que o facer o seu especialista e non un afeccionado.

Á noite Marica dálle á roca (F). Alguén acorda facer algo a última hora (*Tiveches todo o día para facer os deberes e agora á noite Marica dálle á roca*).

A paso de ghalíña / A paso de boi (LA). Con moita lentitude, moi devagariño.

A regho cheo (LA). Abundantemente, moita cantidade de algo (*Leva toda a tarde bebendo viño a regho cheo*).

A vaca que vai muito á feira non é a que máis (pronto) se vende (R). 1. Non é o mellor o que máis se expón ou o que moito se expón á visión do público. 2. A persoa que se exhibe moito e moitas veces non é a máis fermosa, desexable ou capacitada.

Aburrirle aos cans (LV). Aburrirle moitísimo unha persoa a outra porque fala moito ou porque di cousas sen importancia.

Afeitarse para arriba (LV). Desentenderse de algo ou non facer caso dunha encarga.

Andar aboiado / Estar aboiado (LV). Estar unha persoa aburrida, desganada, sen ansia.

Andar á tensa (LV). Facer e ir aos mesmos sitios á vez ca outra persoa (*Sempre anda á tensa da muller*).

Andar ás troitas / Andar aos pispardos / Andar ás miñocas / Andar ás minchas (LV). Estar unha persoa totalmente despistada ou co pensamento «noutros mundos» (*Pregunteille a lección e, como andaba aos pispardos, non soubo nin o que lle preguntei*).

⁹Marcamos con (R) os refráns, con (LV) as locucións verbais, con (LA) as locucións adverbiais, con (LS) as locucións substantivas e con (F) as fórmulas expresivas coloquiais.

Andar de ghavota (LV). Estar habitualmente fóra da casa, sempre na rúa a pasear ou a se divertir (*A Brais ben que lle ghusta andar de ghavota, sempre de aquí para lá sen parar nunca na casa*).

Andar de laghareira/o (LV). Andar á gandaina, sen rumbo, buscando diversión.

Andar os ratos no faiado (LV). Vir unha tronada.

Bailar de cuaña (LV). Levar unha tunda (*Cheghou ás catro e o pai case lle baila de cuaña*).

Bailar na punta do pé / Bailar nunha peneira (LV). Expresar a alegría ao ter un éxito inesperado (*O Celta ghañoulle ao Madrid e os xogadores andan a bailar nunha peneira*).

Botar a vida dun preso (LV). Tardar moito tempo en facer algo (*Bota a vida dun preso a arranxar o cuarto*).

Botar o caroso (LV). Chover todo o que tiña que chover (*Estivo a arroiarse toda a tarde, a ver se bota o caroso dunha vez e podemos saír*).

Botar un foghete / Botar un ferrete / Botar un foghetaso / Botar unha pinada (F). Realizar o acto sexual.

Caghar moi alto / Mexar moi alto (LV). Crese unha persoa que é moi importante e superior a outras.

Cagho na contribución dos pobres! (F). Emprégase para evitar xuramentos máis fortes ou brutos.

Cagho na nación que te deu! (F). Emprégase como xuramento contra alguén.

Cagho na parteira que te aproveitou! (F). Emprégase como xuramento contra alguén.

Cando San Xoán baixe o dedo (LA). Emprégase para indicar –con retransca– que un feito nunca vai ter lugar (*Cando me vas devolver os cartos? Cando San Xoán baixe o dedo*).

Cheirar coma unha poupa (LA). Feder, cheirar moi mal.

Coller os talentos (LV). Perderlle o respecto a alguén e non facerlle caso (*O rapaz colleulle os talentos á nai e aghora xa non pode con el*).

Comerlle a figura a alghén (LV). Poñelo podre, botarlle unha bronca.

Dálle can, que a cadela é do abade / Dálle can, que a cadela é miña (F). Estar unha persoa farta de que se repitan sempre as mesmas cousas ou feitos negativos. Pode equivaler a «outra vaca no millo».

Dar en tolo (LV). Tolear, volverse tolo.

Darlle ao veo (LV). Non parar de falar (*Aí a tes, dándolle ao veo a tarde enteira*).

Dar para abaixo (LV). 1. Frear a alguén á hora de facer algo (*Aos fillos hai que darlle para abaixo, senón fan o que lle dá a ghana*). 2. Bater en alguén (*Xa está a darlle para abaixo ao fillo!*).

Dar un raite (LV). Dar un paseo ou unha volta.

Dar un ramallaso (LV). Darlle unha arroutada a alguén (*Deulle un ramallaso e levantouse e marchou sen dicir nada*).

De (media) langheta ou lanqueta (LA). 1. Emprégase para xutar co exterior do pé ou rozando a bóla a raspelar por un lado. 2. Emprégase para cando se fai algo chafalleiramente, de calquera maneira, para acabar pronto.

Deixar [unha comida] **polo dente** (LV). Comer moito cos ollos e logo fartarse e ter que deixar de comer.

Deus dálle pan a quen non ten dentes (LV). Ter alguén cousas que non merece, non precisa ou non sabe usar ou manexar.

Deus é bo e o demo non ten fallo / Deus é bo e o demo non é malo (LV). Levarse ben unha persoa con todo o mundo ou a xente interesada que lle pon unha cadea a Deus e outra ao demo.

En menos tempo pariu miña avoa (F). Emprégase cando unha persoa tarda moito tempo en facer algo.

Enfiar a alghén polo cu dunha aghulla (LV). Burlarse de alguén, tomarlle o pelo, enganar outra persoa para que actúe ou pense como quere outra.

Ensinar (a un pai) a facer fillos / Ensinar a facer fillos a un cura (LV). Querer unha persoa ensinarlle a facer algo a outra que xa sabe facelo.

Entre mortos e feridos, unha caixa de mistos chea (F). Emprégase cando se lle dá moita importancia a algo que non a ten. Semellante a «a montaña pariu un rato» ou «moito ruído e poucas noces».

Estar á tensa (LV). Estar moi pendente de alguén ou de algo (*Estáteme á tensa por se para o vitrasa*).

Estar na horta e non mirar as versas (R). Estar unha persoa totalmente aparvada e sen decatarse de nada.

Falou Varela (LV). Falar sobre un asunto a persoa menos indicada.

Faselas Deus e paghalas Cristo (F). Pagaren xustos por pecadores.

Faser barro (coas orellas) (LV). Facer algo moi ben feito, ter moito éxito, sobresaír (*Cando sae ao campo de xogho fai barro coas orellas*).

Faser luns sapateiro (LV). Non facer nada unha persoa un luns. Tradicionalmente considérase o luns o día dos zapateiros (*Onte fuches á festa e hoxe fixeches luns sapateiro*).

Faser un pandeiro (de alguén) (LV). Abusar de alguén, tomarlle o pelo.

Faserlle o cu luís-luís (LV). Ter medo e fuxir dunha situación comprometida.

Ferrarlle o dente a algo (LV). Pórse con algo. O mesmo ca «meterlle o dente».

Ila virando (LV). Estar máis ou menos ben. Equivalente a «ir indo» ou «ir tirando».

Ir a Vigho por mirar Canghas (ou Cancas) (LV). Fracasar ou levar un revés nun negocio, intención ou viaxe, conseguir algo distinto do que se agardaba.

Ir ás troitas (LV). Ter os pantalóns rabelos ou remangados.

Ir quentar os bancos / Ir pór os bancos (LV). Chegar moi cedo a algún sitio.

Levantarlle a man a alghén (LV). Bater en alguén.

Levar alghén aos pispardos (LV). Enganar a alguén con falsas promesas ou con contos para lle facer unha trastada.

Mandar Baiona (F). Emprégase cando nunha casa manda a muller. Probablemente veña de que en Baiona as mulleres mandaban nas casas porque os homes andaban todos ao mar (*Na miña casa manda Baiona*).

María matouse! (F). Emprégase para referirse a unha situación na que aparece un contratempo. Equivalente á expresión «érache o que nos faltaba».

Mentres se está coa nai non se está coa filla (F). Refírese a que unha persoa non é capaz de facer dúas cousas ben ao mesmo tempo.

Meter carrouchas na cabeza a alghén (LV). Meterlle ideas a alguén na cabeza. Equivalente a «lavarlle o cerebro , comerlle o coco».

Mexar contra a parede / Mexar na parede (LV). Ser un home feito (*Sácateme de aí, rau mincha, que ti aínda non mexaches contra a parede*). É sorprendente que na *Historia Brittonum* (s. IX) apareza esta mesma fórmula para se referir aos homes adultos cando se di que «exterminaron os que mexan contra a parede» (*nec mīngentes ad parietem vivere reliquerunt*). Estraña e curiosa incidencia.

Mexarlle nos ollos a alghén (LV). Abducir ou seducir alguén con parrafeo baleiro.

Mirar para adentro (LV). Quedar durmido, moquenear, durmir (*É prender a tele e empesar a mirar para adentro*).

Mirar prá sombra (LV). Raparigas que chegan á adolescencia e comezan a se enfeitar e preparar para chamar a atención doutras persoas, é dicir, empezan a coquetear (*Túa filla xa mira prá súa sombra porque vai vestida toda ghuapa*).

Montes e moreas (LS). Gran cantidade de cousas. Úsase con verbos como *facер, ofrecer, prometer, querer* ou *ter e*, a miúdo, ironicamente.

Muito e ben non o fai ninquién (R). Para facer ben algo leva o seu tempo.

Nin vou nin fagho falta (F). Facer algo unha persoa sen ganas e sen ansia ningunha.

Non dar mans a medir (LV). Ser unha persoa que non é capaz de abranguer todo o que quere facer.

Non dar nin a merda que se cagha (LV). Ser unha persoa agarrada (*Es ben agharrado!* *Non dás nin a merda que caghas*).

Non ter paraxe (LV). Non parar unha persoa quieta, nunca acougar e estar sempre a bulir.

O can que máis berra non é o que máis traba (R). Non é a mellor persoa quen máis se gaba, berra ou se exhibe porque normalmente tampouco é a máis fermosa, poderosa, capacitada ou recomendable.

O que canta e asubía na mesa, pouco xuísio na cabeza (R). Non está ben visto cantar ou asubiar mentres se come.

O que muito corre, non é o que máis pronto chegha (R). Non se debe ter moita présa á hora de facer algo ou de ir a un sitio, porque adoitan saír mal as cousas.

O que non come canda os bois, come antes ou despois (R). 1. Quen come pouco no xantar adoita petiscar entre horas. 2. Cada cousa ten o seu tempo.

O que outro usou, a min pouco me durou (R). As cousas usadas adoitan durar pouco.

Os de fóra cheghan tarde, mal e sen hora (R). Para os asuntos importantes só se pode contar coa familia ou coas persoas máis achegadas.

Para a Habana! (F). Emprégase para desentenderse de algo, fuxirille ao traballo (*Mandaille lavar o coche pero..., para a Habana!*).

Para unha pena, boa é unha fecha / Para unha pena, bota unha fecha (R). Emprégase para indicar que sempre hai cousas que poden axudar a sobrelevar unha pena ou un desgusto.

Parecer o pito do cairo (LV). Ser unha persoa que come moi pouco, especialmente referido ás criaturas.

Pasar a raspelar (LV). Pasar rozando leve e fugazmente (*Aquel tiro meu pasoulle a raspelar ao longueiro*).

Pedirlle permiso a unha perna para botar a outra (LV). Andar unha persoa con moita pachorra.

Picache, varache, que tunda levache! (F). Emprégase para amolar alguén despois de lle gastar unha broma.

Plantar un pexegheiro (LV). 1. Quedarlle a deber unha cantidade de diñeiro a alguén e non pagarlla nunca. 2. Marchar dun establecemento sen pagar. Equivalente ao castelán «hacer un simpa».

Plantar un piñote (LV). Defecar.

Polo pan beilla o can (e pola arandela a cadela) (R). Facer algo movido só polo diñeiro ou por un interese particular.

Polo San Amaro, trompos ao faiado (R). Refrán metereolóxico.

Polo San Martiño, trompos ao camiño (R). Refrán metereolóxico.

Por onde vai a nai, vai a filla (R). Emprégase cando as fillas pensan, fan ou din o mesmo ca as nais. Equivalente a «de tal nai tal filla».

Pra quen é o burro ben chega a albarda (R). Quen pouco merece pouco leva, ou tamén expresa conformidade con pouca cousa.

Quen cala fode a quen fala (R). Quen mantén unha actitude prudente e reservada diante doutra persoa arroutada, faladora, abusona e sabichona. É antagónico do español «quien calla otorga».

Quen carravellos manda, merda lle acarrexan / Quen merda manda, merda acarrex (R). Confiar en alguén que ao final lle falla nun recado ou nun encargo, porque os *carravellos* (escaravellos) acarrexan boliñas de bosta.

Quen che dera piche pola costa de Peniche! (F). Equivalente a «quen che dera!» pero facendo rabiar a alguén.

Quen de novo foi bailador, de vello dálle un xeitiño / Quen de novo..., de vello dálle un xeito (R). Quen de novo tivo un don, un dote ou unha virtude, cos anos segue máis ou menos a conservala. Temos escoitado outros substantivos rematados en *-or* como «quen de novo foi *cantador, xogador, mandador, paghador, fodedor, bo cantor, un señor, ghastador, casador...*, de vello dálle un xeitiño» e tamén temos escoitado este refrán en feminino «quen de *nova* foi *bailadora, de vella* dálle un xeitiño etc.».

Quen ten cu, ten medo (R). 1. Todo o mundo pode ter medo de algo algunha vez na súa vida. 2. Precaución para non levar a cabo unha acción perigosa.

Saca pelos dunha perna e méteos na outra (F). Emprégase para dicirlle a unha persoa cando di que está aburrida.

Se non tes que faser, ergher o cu e deixalo bater (F). Emprégase para dicirlle a unha persoa cando di que está aburrida.

Se tes medo compra un can (F). Emprégase contra quen ten medo ou receo por algo.

Ser a boa fe ou **Ser un/unha abofé** (LS). Ser unha persoa inocente, cándida, inxenua, non ter volta, maldade nin picardía ningunha. *sin.* **Ser un Xoán**.

Ser de rapar e peitear (LA). Ser unha persoa de carácter difícil, coa que é mellor manter distancias.

Ser máis pesado que os pelos do cu (F). Ser unha persoa que causa enfado, aburrimento ou molestia.

Ser o pixrel de todas as salsas (LV). Ser unha persoa que quere estar ao tanto de todo ou que quere ter un esaxerado protagonismo en todo.

Ser un/unha cara lavada (LS). Ser unha persoa ousada, desvergoñada, miserable e sen escrúpulos.

Ser un/unha conaseca (LS). Ser unha persoa moi enxoiata, extremadamente delgada.

Ser un/unha man aberta (LS). 1. Ser unha persoa que malgasta o diñeiro.

sin. ser un/unha man furada. 2. Ser unha persoa economicamente xenerosa coas demais. *sin. ser unha veigha aberta.*

Ser un/unha man furada (LS). *vid. ser un/unha man aberta* (acepción 1).

Ser un piollo peghadiso (LV). Persoa que sempre vai pegada a outra a todos os sitios e acaba estorbando.

Ser unha veigha aberta (LS). *vid. ser un/unha man aberta* (acepción 2).

Ser un Xoán / Ser un Xansiño (LV). *vid. ser a boa fe* ou *ser un/unha abofé.*

Tan bo é Xan coma Perillán (F). Cando dúas persoas son parecidas, sobre todo referido a algo negativo.

Ter de/en manguexo / Ter de/en manquexo (LV). Ter alguén obxectos (roupa, ingredientes para unha comida, ferramentas etc.) á súa enteira disposición pero dunha forma moi revolta e desordenada (*Voume pór coa comida, que teño todo de manguexo enriba da cocíña; Temos todas as pezas do crebacabezas en manguexo, agora só temos que montalo.*).

Ter o ás para matar o tres (LV). Ter unha resposta pronta para todo, ter sempre a derradeira palabra.

Ter o pelo coma o niño dunha poupa (LV). Ter o cabelo todo espeluxado.

Ter pello (LV). Ter sorte por casualidade.

Tírate ao mar e di que caíches / Tira contigho e di que caíches (F). Díselle a quen nos decepciona ou fracasa en algo (*Ías de campión e perdeches. Tira contigho e di que caíches!*).

Verter coma unha sesta (LV). 1. Verter un obxecto un líquido (*Tira con ese caldeiro que verte coma unha sesta*). 2. Persoa que vai falando mal de todo o mundo (*Aí vén a túa tía a verter como unha sesta de toda a parroquia...*).

Xa pasaron as leiteiras! (F). Emprégase cando xa é tarde para se erguer da cama ou cando a alguén lle dá o sono.

Xan de ningún que vai a nincures (LS). Persoa da que non se quere dar o nome concreto, normalmente dáse como resposta a unha pregunta impertinente.

Xuntar allos con maravallos (LV). Confundir e zarapallar as cousas. Equivalente a «mesturar allos con bugallos».

Na **sufixación para a formación de palabras** debemos subliñar un uso moi frecuente (case abuso) do sufixo **-ota/e** nun sentido afectivo: *pequenote, altota, delgadota, rillote, sanote* etc.; un uso maioritario do sufixo **-exa/o** para os xentilicios (*samanexo, cabralexa, matamanexo, valadarexa* etc.) que non ten ningún matiz despectivo; e, sobre todo, temos un sufixo común cun significado especial: o sufixo **-eira/o**. Este sufixo en galego ten varios significados: orixe (*rianxeira*), oficio (*ferreiro, vitraseira*), afección (*pataqueiro, furancheiro*) etc., pero entre nós pode adquirir un **valor un numeralizador aplicado a substantivos que en singular teñen valor colectivo**: *herba,*

pelo, area, pedra... Por exemplo: *quita ese pelo de diante dos ollos* (un ou moitos pelos) / *quita ese peleiro de diante dos ollos* (un único pelo, un só cabelo); *tes esa herba na chaqueta/tes esa herbeira na chaqueta* (un único argueiro); *Vou apañar catro herbeiras para darlle ás ghaliñas* (pouca cantidade). E mesmo pode admitir máis sufixos: *xogabamos a pai-fillo-nai con pedreiriñas*.



Mapa 14. Área do sufixo *-eiro/a* con valor uninumeralizador

Característico do sur de Pontevedra desde o século XIII é o arquilexema **mirar**. Os únicos trobeiros medievais que usan formas de *mirar* son os tres da ría de Vigo: Codax, Mendiño e Xoán de Cangas. Esa acaparáción de diversos significados por parte de *mirar* procede da reestruturación dos verbos do campo semántico visual na época medieval.



Mapa 15. Extensión do arquilexema *mirar*

Verbo do léxico, podemos indicar que o **léxico do galego de Vigo** non se diferencia moito do léxico das galegas e galegos veciños. Se acaso podemos sobrancear que se caracteriza fronte ao «galego común» por ter formas rechamantemente coincidentes co portugués –concretamente co portugués do norte–, como por exemplo: *torneselo* (artello), *ervilla* (chícharo), *pisco* (paporrubio), *poupa* (bubela), *corrida* (carreira), *pirú* (pavo), *pisca-pisca* (luz intermitente), *careca* (calvo), *marreca* (chepa ou chepudo) etc.

Dentro do galego de Vigo había **unhas mínimas diferenzas léxicas** entre o sur e o norte do Fragoso entre as persoas que agora teñen máis de 80 anos. Por efecto da escola e dos medios, estas particularidades están a desaparecer aceleradamente na xente adulta e na xente nova en favor das solucións do galego común e –sobre todo, e o que é moi triste e perigoso– en favor dun castelán rexional, provinciano e periférico.

Por outro lado, e sen que poidamos precisar unha distribución xeográfica definida, no galego falado no Val de Fragoso alternan **dobretes léxicos** como *masanseira/maseira, serdeira/sereixeira, noseira/nogheira, pico/candea, ouroghes/ouregho, cortiseira/sobreira...*

Hai, ademais, voces que poden presentar un «significado estraño» para o resto de Galicia: **lóbrego** en Vigo, por exemplo, non é un local ou un baixo escuro, húmido, barolento..., senón que é simplemente un local sen dividir. Por iso hai carteis que abraían as persoas que veñen de fóra como «Véndese baixo lóbrego».

Nas seguintes páxinas imos citar unhas catrocentas voces senlleiras de Vigo que non en todos os casos son exclusivas do Fragoso, pero si son características, moi nosas. Subimos a bordo tamén estranxeirismos presentes na fala, como algúns castelanismos –adaptados foneticamente ou non– (*ghaiba, patatilla*), galicismos (*matiné*), xitanismos (*ghebo, ghiñar*) ou, nos últimos tempos, anglicismos (*raite, alabote, espiche*).

As voces recollidas neste pequeno glosario reproducense tal e como as pronuncia a nosa xente, con gheada e con seseo, ou con e sen grupo *-nk-*: *lanocrán-langhrán, mancallón-manghallón, mancante-manghante*, pois das dúas maneiras as podemos escoitar. Se preguntades por algunhas palabras características de Vigo direivos que –algunhas polo menos– «aquí as están e aquí volas van»:

Abisinia/o s. Persoa asocial, fuxidía, esquiva, que non se leva nin fala con ninguén e que mira atravesado. *sin. corcón, toutisa/o, sulú.*

Aboiada/o *adx.* Persoa que está aburrida, desganada, apática, sen ansia ningunha por facer nada. Adoita empregarse cos verbos *andar* ou *estar*.

Achansar v. Poñer plana unha superficie rugosa ou irregular.

Achantadas *s.f.pl.* Xogo que consistía en que o neno que apouchaba tiña que descubrir os que se escondían (*Xogamos ás achantadas toda a tarde*).

Achantar(se) v. Ocultar(se) ou esconder(se) detrás ou debaixo de algo,

principalmente por baixo do chan (*Achantou as xoias no faiado; Achantouse detrás dunha rocha*).

Achante *s.m.* Lugar onde se oculta ou esconde algo, sobre todo se está debaixo da terra. (*Deille co achante dos cartos*).

Aconado 1. *adx.* Home pusilánime dominado por unha muller, polo xeral a nai ou a esposa. 2. *adx.* Home covarde, pusilánime, indeciso, medoso.

Aconar(se) 1. v. Mandar ou decidir unha muller sobre o home ou o(s) fillo(s). 2. v. Deixarse manguelear un home pola nai, pola compañeira ou por outra muller da familia. 3. v. Acovardarse, coller medo.

Afurricar(se) 1. v. Derrubarse ou abaixarse unha persoa ou un animal por efecto dun peso ou do cansazo. *sin. esfurricarse*. 2. v. Renderse, desistir, pedir papas.

Agharimo *s.m.* Primeira comida do día que se lles dá a algúns animais (*Voulle dar o agharimo á toura*).

Aghua *s.f.* Líquido incoloro e insípido do que están compostos os mares, lagos e ríos.

Aghuadisa/o *adx.* Persoa que devece por algo ou por alguén. var. **aghuadiseira/o**.

Aghuadisar v. Devecer ou facerse auga na boca por un alimento ou (metaforicamente) por unha persoa que se desexa moito.

Aghuaneira/o 1. *adx.* Persoa olleirosa de cara e corpo delgados e aspecto delicado ou enfermizo. *sin. mico*. 2. *s.m.* Rato pequeno. 3. *s.m.* Caco, persoa que comete pequenos furtos.

Aghuanón *s.m.* Rato grande que se adoita atopar nos muíños.

Aireada *s.f.* Aire maligno que supostamente provocan certos animais (sapos, cobras etc.) e que causan irritación de pel, malestar etc.

Alabascada/o *adx.* Comida ou alimento torrado ou queimado por fóra e cru ou case cru por dentro.

Alabascar v. Queimar(se) ou torrar(se) por fóra un alimento pero por dentro quedar cru ou case cru, sen asar ou fritir.

Alabote *s.m.* (*Hippoglossus hippoglossus*) Peixe plano de altura chamado *fletán* por influxo do castelán (é unha adaptación do inglés *halibut*).

Alcabrex/a/o *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña de Alcabre.

Alcoube *s.* Sementeira onde se crían algunhas plantas antes de seren transplantadas ao campo.

Amboliada/o *adx.* Persoa que está moi cansa por falta de durmir ou polos efectos do alcol ou das drogas. *sin. moncoleada/o*.

Amoinarse v. Encollerse, retraerse coa vergoña ou coa timidez.

Andexa/o *adx.* Persoa que non ten paraxe, que anda seguido dun lado para outro.

Apapostiada/o *adx.* Persoa que se move con torpeza. *sin. apirolada/o*.

Apaxaretada/o *adx.* Aparvada/o, boub/a/o, distraída/o, enganada/o.

Apaxaretar v. Aparvar, distraer ou paralizar alguén con contos, falsas promesas e palabralada.

Apetourar 1. v. Comer en ou golpear en algo as aves co pico (*petouro*). 2. v. Petiscar, comer anaquiños pequenos repetidamente.

Apetoure *s.m.* Acto ou acción de apetourar.

Apirolada/o *vid. apapostiada/o*.

Apouchada/o *adx.* Persoa que non se atopa ben de saúde e non ten ganas de facer nada. Emprégase sobre todo referido ás criaturas.

Apouchar 1. v. Apandar, levar a parte negativa nos xogos infantís. 2. v. Cargar cunha responsabilidade ou cun traballo.

Arruar v. Botar abaixo, derrubar.

Baldeira 1. *s.f.* Parede lateral taboada dun carro que serve para soste a carga. 2. *s.f.* Cada unha das paredes da caixa dun camión de carga. 3. *s.f.* Protección lateral dalgunhas camas e berces que se pode subir e baixar.

- Baldrucar** 1. v. Caer auga dun caldeiro ou recipiente polos bordos por efecto do movemento ou traslado. 2. v. Regar ou humedecer algo introducindo unha man nun caldeiro e salpicando repetidamente. 3. v. vomitar. *sin.* **ghomitar**.
- Baldrugar** v. Facer ruído un líquido ao saír dun recipiente, como o sulfato ao sulfatar.
- Bandallo** 1. *s.m.* Persoa sucia e descoidada. *sin.* **estepor**. 2. *s.m.* Persoa preguiceira.
- Banseiro** *s.m.* Cada unha das travesas que van da cabeceira aos pés da cama e que serven para soste o somier.
- Barco-da-vella** *s.m.* Arco da vella (cruzamento con arco-da-vella, se cadra porque un barco dado volta na area ten forma combada).
- Barolenta/o** *adx.* Corpo ou obxecto cuberto de barolo.
- Barolo** *s.m.* Carepa de fungos que recobren un alimento ou un corpo húmido en descomposición.
- Becha** *s.f.* Víbora, serpe ou, en xeral, calquera réptil que poida facer algún mal.
- Bechas** *s.f.pl.* (*Enterobius vermicularis*) Parasitos do intestino humano que producen un proído na rexión anal sobre todo pola noite. Trátase dunha infección practicamente universal nas criaturas.
- Becho-de-lus** *vid.* **lusincú**.
- Beillar** v. Moverse ritmicamente ao son da música. *var.* **bailar**.
- Bembrivexa/o** *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña de Bembrive.
- Berete** 1. *s.m.* (*Chelidonichthys lucerna*) Peixe mariño tamén chamado *rubio* ou *escacho*. 2. *vid.* **peperete**.
- Berreghar** 1. v. Bearen os carneiros, as ovellas e as cabras. *var.* **borreghar**. 2. v. Rifar, berrar (*Meu pai berreghoume por chegar tarde*).
- Bica** *s.f.* Cría de rato mouro, escura e pequena, duns cinco centímetros.
- Boafé** *adx.* Persoa sen personalidade sobre o que todo o mundo é a mandaricar.
- Boghón** *s.m.* (*Atherina presbyter*) Peixe mariño de cor verdosa con pintas negras no dorso e abrancazada no ventre.
- Bolecha** *s.f.* Meixela regordecha.
- Bolechas** *s.m.* Neno ou rapaz regordecho e, por tanto, que ten *bolechas*.
- Bolechuda/o** *adx.* Persoa adulta coa cara redonda e rechoncha.
- Bolorio** 1. *s.m.* Bóla de cristal usada para xogar ás bólas algo máis grande do habitual. 2. *s.m.* Bóla ou doa para adornos de colares, lámpadas etc.
- Borreghar** *vid.* **berreghar**.
- Borrisar** v. Chover miudiño. *sin.* **poallar**.
- Borriso** *s.m.* Chuvia miúda. *sin.* **poalla**.
- Bousán/á s. e adx.** Persoa nativa ou veciña de Bouzas.
- Braghanta/e** *s.m.* Persoa que lle escapa ao traballo. *var.* **braghantón/ona**. *sin.* **calloa**, **lacasán/ana**, **vaghamura/o**.
- Braghantería** *s.f.* Feito de non ter gana nunha de traballar nin de moverse.
- Braghantón/ona** *vid.* **braghanta/e**.
- Braso-de-mar** *s.m.* Persoa que se ofrece para todo tipo de axudas e traballos, aínda que polo normal é bastante chafalleira.
- Cabaleiro** *s.m.* Contractura forte no pescozo que o inmoviliza chamada *torticulis* por influxo do castelán (*Durmín*

nunha mala postura e erghinme cun cabaleiro no pescoso).

Cabana *s.f.* Hórreo en Chantada (Castrelos).

Cabaseiro *s.m.* Hórreo pequeno e troncocónico con teito cónico vexetal.

Cabralexa/o *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña de Cabral.

Cachar 1. *v.* Sorprender, interceptar, coller, prender. 2. *v.* Cortar no toxo. 3. *v.* Sachar na viña.

Cacheirada *vid. cacheirón.*

Cacheirón *s.m.* Xute moi forte dado co pé no xogo do fútbol ou do rugby.

Cachena/o *vid. cocheda/o.*

Cachicha *s.f.* Excremento das galiñas.

Cachimán *s.m.* Home moi grande, forte e musculado.

Caghalleta *s.f.* Porción de excremento sólido de ovellas, cabras ou coellos.

Caghanichas *adx.* Cagón/ona, medosa/o, covarde.

Calamete 1. *s.* Persoa falsa que pon cara amable por diante mentres actúa con mesquindade ou ruindade por detrás [palabra composta con *cala + mete*]. 2. *s.m.* Noivo ou namorado que aparenta formalidade pero que en realidade só ten pretensións sexuais. 3. *s.m.* Noivo ou amante secreto. Equivalente a «follamigo».

Calustra *s.f.* Hórreo (só na parroquia de Zamáns). *sin. canastro.*

Calloa *vid. braghanta.*

Canastro *s.m.* Hórreo feito todo en pedra ou en pedra cos entrepanos de madeira.

Can 1. *s.m.* Diñeiro, cartos (*Non tiña un can pero sempre andaba a presumir*).

2. *s.m.* Canseira, esgotamento (*Hoxe non vou traballar porque teño un can no lombo que non me movo*).

Cáncaro *s.m.* (*Lithodes santolla*) Macho da centola en Coruxo.

Candea *s.f.* Folla do piñeiro. *sin. pico.*

Candollo *s.m.* Pedra grande e máis ben arredondada que para levantala fan falla as dúas mans. *var. candullo.*

Candullo *vid. candollo.*

Canela! *expr.* Satisfacción absoluta, como *Estupendo! Excelente! O mellor do mellor! Marabilloso!* *var. caneliña da boa!*

Canexa *s.f.* Rúa estreita ou corredeira. Se ten moita pendente chámase *canicosta*, mais se predomina o sentido de encaixada, escura e avesía é unha *canicouva*. *sin. canexón.*

Canexón *vid. canexa.*

Cangheira/o ou **canqueira/o** 1. *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña de Cangas. 2. *s. e adx.* (por extensión) Persoa nativa ou veciña do Morrazo. *sin. morraseira/o.*

Canicosta *s.f.* Canexa ou corredeira con moita pendente.

Canicouva *s.f.* Canexa ou corredeira encaixada entre casas ou valados, escura, húmida e lamacentá.

Careca *s. e adx.* Persoa á que lle falta algo de cabelo ou que non ten pelo ningún na cabeza.

Carepa *s.f.* Costra ou postela dunha ferida.

Carravello *s.m.* (*Scarabaeus*) Insecto coleóptero de forma arredondada, patas curtas e antenas en forma de maza. *var. escaravello.*

- Carriola** 1. *s.f.* (*Cicadidae*) Insecto parecido ao grilo que no verán produce un son monótono, forte e estridente.
2. *s.f.* (*Gryllidae*) Femia do grilo.
3. *s.f.* Calquera aparello ou vehículo escangallado que ao funcionar renxe e emite ruídos metálicos ou estridentes.
4. *s.f.* Carraca, instrumento de madeira para facer ruído.
- Casapo** 1. *s.m.* Cría da coella. 2. *s.m.* Meniño pequeno, dito moi cariñosamente.
- Cascallo** *s.m.* Persoa de mediana idade deteriorada fisicamente.
- Castañeiro** *s.m.* (*Castanea sativa*) Árbore que dá as castañas.
- Castreleiro/a** *s.* e *adx.* Persoa nativa ou veciña de Castrelos.
- Cavouca/o** *adx.* Persoa entremetida, excesivamente fisgona ou cheirona. (*Cavouco é o que lle mete o narís no cu ao outro*).
- Chafarís** *s.m.* Chorro de líquido que sae dunha fonte ou por presión de calquera corpo cara arriba.
- Chaiñas** *adx.* Persoa inútil, fallona, desacertada, pusilánime.
- Chaplada** 1. *s.f.* Golpe coa man aberta na cara, na caluga ou na parte posterior da cabeza doutra persoa. *sin.* **chaplazo**.
2. *s.f.* Reprimenda, corte verbal ou zasca que se lle dá a unha persoa impertinente ou lareteira. *sin.* **corredura**.
- Chaplazo** *vid.* **chaplada**.
- Charneca/o** *adx.* Persoa que fala moito e acaba aburrindo a alguén.
- Charnecadas** *s.f.pl.* Ditos ou feitos sen importancia (*Déixate de charnecadas e durme*).
- Charrau** *s.m.* (*Passer domesticum*) Paxaro pequeno. *sin.* **charreu**, **pardal**.
- Charreu** *vid.* **charrau**.
- Chenca/o** *adx.* Persoa que aburre a outra polos temas dos que fala.
- Chencadas** *s.f.pl.* Ditos ou feitos sen importancia e repetitivos.
- Chicharros** *s.m.pl.* Anacos de graxa do porco que se friten despois da matanza.
- Chiflazo** *s.m.* 1. Destello lumínico fugaz e instantáneo (*O de atrás deume un chiflazo coas luses porque abriu a semáforo*). 2. *s.m.* Chorro que sae ao premer un aerosol.
- Chimpín** *s.m.* Tractor pequeno con ou sen remolque.
- Chinghar** ou **chincar** *v.* Realizar o acto sexual. *sin.* **foder**, **pinar**.
- Chiña/o** *vid.* **ghicha/o**.
- Chioté** *s.m.* Alpendre, cabanote onde se gardan as ferramentas.
- Choqueira/o** 1. *s.* e *adx.* Xentilicio popular aplicado á xente de Redondela.
2. *s.f.* Período de incubación dunha enfermidade, infección, gripe etc..
- Chosca** *s.f.* Derrota contundente. *sin.* **pallona**, **palleira**, **malleira**, **tunda**. *var.* **chusca**.
- Chosiñas** *adx.* Persoa pusilánime, indecisa, medosa, retraída, covarde.
- Choucha/o** *adx.* Persoa delicada, pachuca, enfermiza.
- Chusar** 1. *v.* Introducirse con pillería e xeito nun lugar inesperado (*Chusouse e púxose de primeiro na ringhleira*). 2. *v.* Animar alguén a facer algo arriscado (*Chusaron nel ata que se tirou da ponte*). 3. *v.* Cravar paus, ferros, astelas etc., noutros corpos (*Chuselle unha cuña e xa vai abrindo*).
- Clacha** *s.f.* Cada unha das lamias horizontais dunha persiana.

- Cochena/o** *s. e adx.* Persoa que usa a man, a perna ou o pé esquerdos. *var. cachena/o.*
- Colmeada/o** 1. *adx.* Lugar ateigado de insectos, normalmente moscas ou abellas. 2. *adx.* Lugar ateigado de xente.
- Conachas** 1. *adx.* Home efeminado. 2. *adx.* Home sen carácter, moi manexable.
- Conechas** *adx.* Persoa informal e desconfiable.
- Corcón** *vid. abisinia, toutisa/o, sulú.*
- Cornucho** *s.m.* Extremo da barra de pan. *sin. currusco.*
- Correó** *s.f. (Chorda filum)* Alga filamentosa de cor parda que se emprega como fertilizante nos campos.
- Corredura** *vid. chaplada (acepción 2).*
- Corrida** *s.f.* Calquera competición de velocidade. Deixouse de usar con este significado por presión da linguaxe sexual do castelán. En portugués é así.
- Cortapisas** *s.m. (Forficula auricularia)* Insecto duns tres centímetros que ten dous apéndice en forma de tenaces no extremo do abdome.
- Coruxeira/o** 1. *s. e adx.* Persoa veciña ou nativa de Coruxo. 2. *adx.* Calquera obxecto característico orixinario de Coruxo (*ghamela coruxeira*).
- Cotrolo** *s.m. e adx.* Persoa nova máis obesa ca regordecha.
- Couro** 1. *s.m.* Coiro. 2. (figuradamente) Pel, pelelelo.
- Coutada** *s.f.* Terreo particular e cercado no monte. *sin. tomada.*
- Croio** 1. *s.m.* Pedra redondeada das praias marítimas e fluviais. 2. *adx.* Persoa de aspecto desagradable. *sin. pello.*
- Croque** 1. *s.m. (Cardiidae)* Molusco chamado *berberecho* noutras partes de Galicia. 2. *s.m.* Pote, golpe na cabeza que se inflama.
- Curricha/o** 1. *s.m.* Porca/o pequeno. 2. *adx.* Persoa porcona e desaseada. 3. *adx.* Persoa que xoga sucio.
- Currichada** 1. *s.f.* Manda de porcos pequenos. 2. *s.f.* Porcallada, acción ou efecto propios de quen actúa coma un curricho. 3. *s.f.* Feito malintencionado que provoca un dano noutra xente.
- Currusco** 1. *s.f.* Extremo da barra de pan ou pirucho do molete. *sin. cornucho.* 2. *s.f.* Bordo retorto da empanada.
- Curupela** 1. *s.f.* Parte alta e posterior da cabeza, onde algunhas persoas teñen remuíños no pelo ou antes aos curas lles facían a tonsura. 2. *s.f.* Pelo levantado das persoas na parte alta e posterior da cabeza ou plumas levantadas das aves na parte alta da cabeza.
- *Deghar** *v.* Castelanismo esaxerado por *deixar* (non sería un castelanismo –como apuntou algunha hipótese– se procedese do latín DELEGARE, pero non hai rexistros documentais; *deixar* vén do latín LAXARE).
- Delourar** 1. *v.* Pór a secar ao sol roupa estendida sobre a herba, pór ao clareo. 2. *v.* Pór a secar rachas ou táboas de madeira en casteletes ou columnas para que lles entre ben o aire e lles dea ben o sol.
- Denusiña** *s.f. (Mustela nivalis)* Pequeno mamífero mustélido.
- Duaneira/o** *adx.* Persoa amante de estar fóra da casa e andar de serán e de noite por bares e festas. *sin. pilinghrina/o.*

- Empoutada/o** s. Persoa que ten mala sorte ou á que lle ocorren desgrazas por causa do mal de ollo.
- Empoutar** v. Botar o mal de ollo, maldicir, desexar o mal a alguén.
- Encourada/o** 1. *adx.* Peza de roupa ou saba branca mal lavada, que non está dun branco relucente. 2. *adx.* Espida/o.
- Encourar(se)** 1. v. Pórse a roupa branca de cor ocre ou marela (da cor do *couro*) por non estar ben lavada. 2. v. Encoirarse, espirse.
- Encunillada/o** s. e *adx.* Persoa encollida, enrodela para tornar o frío, o medo ou a vergoña.
- Encunillarse** 1. v. Agacharse apoiando o cu nos calcaños. 2. v. Acovardarse, recuar ou agocharse co medo.
- Enghurrichada/o** 1. *adx.* Persoa encollida, retorta ou cargada de ombreiros. 2. *adx.* Persoa con moitas engurras pola cara.
- Enghurrichar** 1. v. Engurrar unha tea, un papel etc. 2. v. Encoller de tamaño unha persoa coa idade. *sin.* **andar enghurrichada/o.**
- Enlicar** v. Converterse un vapor en líquido, por exemplo o vapor do bagazo en augardente ou o vapor da cocíña ou do baño en pingas nos cristais das ventás.
- Enludrar** v. Encintar ou empastar con ludro unha fenda, unha rañura, unha xunta..., para que non marche o vapor, a calor, un líquido etc.
- Enrevirichada/o** 1. *adx.* Retorta/o, enmarañada/o. 2. s. Fío, corda, cabo ou pelo que se retorce, se enmaraña ou se pon de punta. *sin.* **reviricho.**
- Enrevirichar(se)** 1. v. Retorcer(se) ou enmarañar(se) fíos, cabos, pelas ou cordas. 2. v. Pórse algo de punta.
- Insertar** 1. v. Partir un alimento en varios anacos para comer (*Inserta aí o pan*) ou tamén abrir unha botella para lle beber o contido. 2. v. Chagarse a pel (*Leva muito tempo encamado e insertóuselle a pel da cadeira*).
- Ervilla** s.f. (*Pisum sativum*) Legume redondo e verde chamado *chícharo* no resto do país (*ervilha* en portugués).
- Esbandallada/o** 1. *adx.* Persoa moi cansa ou esgotada por causa dun sobreesforzo. *sin.* **derreada/o, escarallada/o.** 2. *adx.* Aparello ou utensilio inservible polo desgaste ou polo uso.
- Esbandallar(se)** 1. v. Cansar(se) moito. 2. v. Caer por un valado ou pendente. *sin.* **esnafarse, esfragarse.** 3. v. Estropear(se) un aparello ou utensilio.
- Escaravellar** *vid.* **esgharavellar.**
- Escaravello** 1. *vid.* **carravello.** 2. s.m. Vara longa para picar nos bois, aguillada.
- Escarapelar** *vid.* **escarepar** (acepción 2).
- Escarepar** 1. v. Quitar a carepa dunha ferida provocando que volva sangrar. 2. v. Desescamarse a pel por segura (en feila), queimazón ou enfermidade dérmica. *sin.* **escarapelar.** 3. v. (metaforicamente) Recordarlle a alguén feitos tristes.
- Escontrorrabo** s. Persoa que sempre leva a contraria, que sempre está a protestar ou a discrepar de todo.
- Esfanicar** *vid.* **fanar.**
- Esfiar** v. Dar un estirón unha criatura.
- Esfurricarse** *vid.* **afurricar** (acepción 1).
- Esgharavellar** v. Facer buracos na terra un animal coas patas ou unha persoa coas mans ou cun pau. *var.* **escaravellar.**

Espatuxar 1. v. Mover repetidamente as pernas (*A meniña espatuxaba moito no berce*). *sin.* **espernexas**. 2. v. Mover repetidamente os brazos e as pernas (*Tirouse no chan e púxose a espatuxar coa rabia*).

Espernexas *vid.* **espatuxar**.

Espichar 1. v. Enterrar ou cravar no chan un espicho. 2. v. Morrer. 3. v. Proferir un discurso perante un público.

Espiche *s.m.* Discurso público (anglicismo).

Espicho 1 *s.m.* Pau de ferro que se crava na terra ao que se ata unha corda dun animal que paze para que non marche. 2. *s.* Persoa moi delgada.

Esportillar v. Esfanicar o bordo dunha cunca ou de calquera outro obxecto.

Estepor *s.m.* Persoa mal vestida e desaseada. *sin.* **bandallo** (acepción 1).

Estercolada *s.f.* Desorde de cousas ou dun espazo e con sucidade.

Estro *s.m.* Vexetación propia do monte que se utiliza principalmente para estrar unha corte (*Vou botar un pouco de estro na corte da vaca*). *sin.* **estrum**.

Euroghes *vid.* **ouroghes**.

Facotexo *s.m.* Cabalexo fraco e pequeneiro inservible para o traballo.

Falabarato 1. *s.* Persoa que fala sen parar ou que é moi falanguera. 2. *s.* Persoa que fala de máis e di cousas improcedentes.

Fanada/o 1. *adx.* Persoa á que lle faltan un, varios ou todos os dentes incisivos e cairos. 2. *adx.* Obxecto lixeiramente roto nun bordo.

Fanar 1. v. Quitarlle ou romperlle un anaquiño do bordo dun obxecto duro, de porcelana, metálico etc. *sin.* **esfanicar**. 2. v. Romperlle un ou varios dentes a alguén.

Fandanca *s.f.* Órgano sexual feminino. *sin.* **cona, conexo, conecha, paxara, paxareta, papos**.

Fanica/o *s.* e *adx.* Persoa que fala con dificultade ao repetir algunhas sílabas. *sin.* **tatexo, tatelo**.

Fanicar *vid.* **esportillar**.

Faniquear v. Tatexar, tatalear.

Fariñoque 1. *s.m.* Burro que vai ao muíño con gran e volve con fariña, burro fariñeiro. 2. *s.m.* Persoa que trafica con drogas (con «fariña»).

Faro *s.m.* Calquera xornal ou diario en papel (polo xornal *Faro de Vigo*).

Fecha 1. *s.f.* Cantidade de líquido contida nun recipiente para beber, sexa vaso, copa ou cunca. 2. *s.f.* Grolo dunha bebida alcólica, preferentemente viño ou augardente.

Fechar v. Cerrar con chave unha fechadura ou un cadeado, ou pasarlle o ferrollo a unha porta.

Feita *s.f.* Ocasión, momento, vez, oportunidade (*Desta feita portouse mellor con teu pai*).

Feitío *s.m.* Excrementos dos coellos.

Feixón 1. *s.m.* (*Phasceolus vulgaris*) Planta leguminosa de sementes alongadas. 2. *s.m.* Meniña pequena, dito moi cariñosamente (*Cólleme o feixón no colo un momentíño*).

Ferrete 1. *s.m.* Aguillón dalgúns insectos. 2. *vid.* **foghete** (acepción 2).

Fervello *s.m.* Persoa que non para quieta un minuto. *sin.* **fuxefuxe**.

Foghetaso *vid.* **foghete** (acepción 2).

Foghete 1. *s.m.* Artificio de pólvora que se lanza ao ceo para que estoupe e faga

ruído en festas e en celebracións.
2. *s.m.* Acto sexual. *sin.* **foghetaso, ferrete.**

Fraghoseleira/o *s. e adx.* Persoa nativa ou residente no Fragoselo, parroquia de Coruxo.

Fuíña *s.* (*Martes foinea*) Mustélido pequeno de cor castaña que polas noites anda á caza de ratos, pitos e outros animalíños.

Fumeiro *vid.* **funqueiro.**

Funcho *s.m.* (*Foeniculum vulgare*) Planta recendente de sabor doce que se emprega como menciña e condimento alimenticio.

Funqueiro 1. *s.m.* Pau que sustiña lateralmente a carga do carro. 2. *s.m.* (humoristicamente) Calquera pau alongado, bastón, caxato ou similar. *sin.* **fumeiro.**

Furabolas *s.* Persoa esperta e nerviosa que non ten paraxe. *sin.* **furafollas, furaolas.**

Furafollas *vid.* **furabolas.**

Furaolas *vid.* **furabolas.**

Furghalla *s.f.* Furgoneta (dito coloquialmente).

Fuxefuxe *vid.* **fervello.**

***Ghaiba** *s.f.* Caranguexo pequeneiro e abrancazado que antes poñían de tapa nalgúns bares. Do xénero *Callinectes* (castelanismo).

Ghamada/o *adx.* Persoa que non está ben da cabeza e á que lle dan arroutadas.

Ghaldrumada 1. *s.f.* Lambetada, pastel, doce ou caramelo, alimento moi azucrado. *sin.* **ghaldrume, laghuchada.** 2. *s.f.* Comida toda remexida e de aspecto desagradable. *sin.* **lavadurada.**

Ghaldrumeira/o *adx.* Persoa afeccionada aos doces ou ás lambetadas.

Gheba/o *vid.* **ghicha/o** (acepción 1).

Ghicha/o 1. *s.* Individuo, paisana/o, parroquiana/o *sin.* **gheba/o, chiña/o.** 2. *adx.* Persoa ou animal moi atento, espilido e intelixente. 3. *adx.* Persoa que viste mal, de forma chafalleira.

Ghichar *v.* Espreitar, axexar, enxergar, esculcar, mirar atentamente mais procurando non ser visto.

Ghillada/o 1. *adx.* Persoa que está mal da cabeza e que di ou fai tolerías. *sin.* **tola/o, trallada/o.** 2. *adx.* Persoa moi namorada.

Ghillar 1. *v.* Tolear. 2. *v.* Namorarse tolamente.

Ghiñada 1. *s.f.* Defecación, cagada. 2. *s.f.* Fallo grande (metaforicamente).

Ghiñar *v.* Defecar, cagar.

Ghispar *v.* Mangar, roubar algo con disimulo.

Gholdras *s.m.* Persoa que bebe calquera bebida e deseguido.

Ghunisela *s.f.* Muller, rapaza ou nena delgadiña, pequeniña e moi espilida.

Laghuchada 1. *s.f.* Larpeirada. *sin.* **ghaldrumada** (acepción 1) 2. *vid.* **lavadurada.**

Laghumeiro *s.m.* (*Populus*) Tipo de álamo que medra nas ribeiras dos ríos e das pozas.

Lamosa/o *adx.* Dise do arroz ou doutras comidas cando están moi augadas.

Lamuxada 1. *s.f.* Lameira, terreo ou camiño moi encharcado e cheo de lama. 2. *s.f.* Despectivamente, comida excesivamente augada.

Langharetear ou **lancaretear** 1. *v.* Falar moito. *sin.* **larear.** 2. *v.* Falar mal doutra persoa.

Langhareteira/o ou **lancareteira/o** 1. *adx.* Persoa que fala moito ou fala de máis. *sin.* **linghoretas** ou **lincoretas.**

2. *adx.* Persoa que fala mal doutras persoas, andar con contos. *sin.* **linghoretas** ou **lincoretas**.

Langhrán/ana ou **lanocrán/ana** *adx.* Persoa grande, informal e desleixada.

Larear *vid.* **langharetear**.

Lareca *vid.* **larica**.

Larica. *s.f.* Fame lixeira, non fame negra, apetito.

Lavadorés/esa *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña de Lavadores.

Lavadouro *s.m.* Lugar onde se lava a roupa, ben nunha pedra no río, ben nun tanque ou pío ao lado dunha fonte ou regato.

Lavadura *s.f.* Caldeirada de desperdicios alimenticios (principalmente mondas) mesturada con farelo e auga que se lles dá aos porcos para comer.

Lavadurada *vid.* **ghaldrumada** (acepción 2).

Lavaduras *adx.* Persoa porca e desleixada.

Lavadureira/o *vid.* **lavaduras**.

Lava-o-limpo 1. *adx.* Persoa –xeralmente muller– que bota o día a fregar, a limpar e a lavar todo dunha maneira obsesiva. 2. *adx.* (retranqueiramente) Persoa que se pon a lavar, a fregar ou a limpar moi excepcionalmente.

Lestre 1. *s.m.* Vento frío que entra por baixo das portas ou polas rañuras dos marcos das ventás. 2. *s.m.* Punto cardinal por onde sae o Sol.

Linghoretas ou **lincoretas** *vid.* **langhereteira/o**.

Liño de raposa *s.m.* (*Cuscuta epithimum*) Planta parasita filamentosa de cor vermella que recobre os toxos. *sin.* **fío de raposa**, **pelo de raposa**.

Lóbregha/o *adx.* Andar, faiado ou baixo dunha casa ou edificio que está sen dividir interiormente (*Véndese baixo lóbregho*).

Ludro 1. *s.m.* Masa ou pasta feita con auga e barro (antigamente con bosta) usada para selar a porta do forno e evitar que marche a calor. 2. *s.m.* Masa ou pasta feita con auga e fariña milla que se usa para selar a rañura de unión entre o capacete e o alambique para que non marche o vapor.

Lura *s.f.* Persoa raposeira, aproveitada.

Lusincú *s.m.* (*Lampyridae*) Insecto que ten luz propia e brilla de noite. *sin.* **vella-comendo-nas-papas**.

Machorra *s.f.* Femia que non tivo crías ou que é estéril.

Machorro 1. *s.m.* Muller con actitudes e con comportamentos tidos por moi masculinos. 2. *s.m.* Home que sente atracción por outros homes.

Manghallón/ona ou **mancallón/ona** *adx.* Persoa moi alta e forte.

Manghante ou **mancante** 1. *adx.* Persoa á que non lle gusta traballar. 2. *adx.* Ladrón de obxectos de pouco valor.

Manghar ou **mancar** 1. *v.* Pórrlle o mango a unha ferramenta. 2. *v.* Roubar cousas de pouco valor (*Sempre mangha acendedores*). 3. *v.* Escaparlle ao traballo para folgar (*Anda por aí a manghala*).

Mandicanta/e *s.* Persoa á que lle gusta gobernar na vida das demais. *sin.* **ghobernanta/e**, **mangheleteira/o**.

Manghelear ou **manquelear** *v.* Gobernar na vida e nas decisións das demais. *sin.* **mangheletear** ou **manqueletear**.

Mangheletear ou **manquelear** *vid.* **manghelear**.

- Mangheleiteira/o** ou **manqueleiteira/o** *adx.* Persoa moi disposta ou con moita iniciativa que quere gobernar na vida das demais e decidir por elas.
- Maraña** 1. *s.f.* Chave de judo ou calquera outra manobra para derrubar ou inmovilizar o adversario. 2. *s.f.* Reboutallo ou rebumbia de obxectos todos mesturados.
- Marmanzo** *adx.* Persoa aparvada, zoupona, parada, de razoamento e movementos lentos. *sin.* **marmouxo**.
- Marmouxo** 1. *vid.* **marmanzo**. 2. *s.m.* Persoa descoidada e desagradable.
- Marreca** 1. *s.* Chepa. 2. *s. e adx.* Chepuda/o ou cargada/o de ombreiros.
- Martacona** *s.f.* Muller preguiceira e porcallona.
- Masanseira** *s.f.* (*Malus domestica*) Maceira, árbore que dá mazás.
- Matamanexa/o** *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña de Matamá (dito *Matamán* pola xente das parroquias de arredor).
- Matiné** *s.m.* Camisa fina, branca, de manga longa, con encaixe ou bordados nos puños e nos colares, que poñían as mulleres os días de festa ou en ocasións especiais (probable galicismo).
- Meniña/o** 1. *s.* Persoa acabada de nacer. 2. *s.* Persoa ata os dous ou tres anos de vida.
- Mesa-de-noite** *s.f.* Muller de baixa estatura (*Miraches a mesa de noite que botou teu irmán?*).
- Mico** 1. *vid.* **aghuaneiro** (acepción 1). 2. *s. e adx.* Xentilicio popular aplicado á xente de Baiona.
- Mirapapisa** *s.m.* Home que sempre camiña coa cabeza gacha mirando para o chan.
- Moiniña** *adx.* Pusilánime, indecisa, tímida, parada, retraída.
- Molote** *s.m.* Masa ou pasta espesa arredondada de auga con cemento, cal ou terra que se adhíre doadamente a paredes, por exemplo, e que se emprega para taponar buracos, furos, saídas de auga, bueiros, regos etc.
- Molle** *s.m.* Feixe de herba (*Vou apañar un molle de herba para a toura*).
- Moncoleada/o** *vid.* **amboliada/o**.
- Montón** *s.m.* Persoa extremadamente torpe, inútil e desaliñada *sin.* **toupello**.
- Moquenear** *v.* Caerlle a un a cabeza por efecto do sono.
- Moqueneo** *s.m.* Movemento da cabeza de arriba a abaixo por efecto do sono.
- Morraseira/o** *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña do Morrazo.
- Morriña** *s.* Sucidade pegada á pel. *sin.* **cotra, roña**.
- Morriñosa/o** 1. *adx.* Persoa avara, usureira. 2. *adx.* Porca/o, sucia/o. 3. *adx.* Persoa estúpida e desagradable.
- Mourillón** *s.m.* (*Curculionidae*) Gurgullo das xudías e doutras plantas.
- Mouteira** 1. *s.f.* Melena moi avultada e esaxerada dunha persoa. 2. *s.f.* Formación arbustiva ou vexetal que sobresaie moito do terreo.
- Moutillón** *s.m.* Montíño ou valado de area que se forma nas praias pola acción do vento. *sin.* **duna**.
- Mouxe** *v.t.* Acción de lles tirar o leite ás vacas, ovellas e cabras para o consumo humano.
- Nachaso** *s.m.* Brecha ou corte profundo na cabeza ou na cara provocada por un impacto. *sin.* **nechaso, nichaso**.

Navián/á s. e *adx.* Persoa nativa ou veciña da parroquia de Navia.

Néboda *s.f.* (*Satureia calamintha*) Herba que se lle bota na cocción das castañas xunto co fiúncho. *var.* **nébeda**.

Necha 1. *s.f.* Corte pouco profundo e sangrante na pel dunha persoa producido por un obxecto cortante, unha puga, un bordo metálico etc.
2. *s.f.* Golpe recibido que produce un negrón.

Nechaso *vid.* **nachaso**.

Nícharo *s.m.* Cavidade nunha parede dun cemiterio para meter un ataúde.

Nichaso *vid.* **nachaso**.

Niño 1. *s.m.* Aniñadoiro, postouro das aves. 2. *s.m.* Esconderixo, achante, principalmente de cartos e de obxectos de valor.

Niquiricar *v.* Facer que se fan cousas pero ao cabo non facer nada, remexer nas cousas aparentando que se traballa.

Niquiricas *adx.* Persoa que fai que fai e non fai nada. *sin.* **niquiriqueira/o**.

Niquiriqueira/o. *vid.* **niquiricas**.

Noseira *s.f.* (*Iuglans regia*) Nogueira, árbore que dá noces.

Noutronte *adv.* Día antes de onte «no outro onte».

Odre 1. *adx.* Persoa parva ou aparvada.
2. *adx.* Persoa de bandullo moi avultado ou prominente. 3. *adx.* Persoa que come sen medida. 4. *adx.* Persoa agarrada, egoísta, avara e acaparadora.

Oiés/esa s. e *adx.* Persoa nativa ou veciña de San Miguel de Oia.

Ollar (de) *v.* Coidar dunha persoa ou dun animal, prestarlle atención. *sin.* **mirar (por)**.

Olo cacheiro *vid.* **tirisón**.

Ouroghes *s.m.pl.* (*Origanum vulgare*) Ourego. *var.* **euroghes**.

Pachán/ana *adx.* Persoa paciente e tranquila.

Paduana/o s. e *adx.* Aparvada/o, abofé.

Pai-fillo-nai *s.m.* Xogo do tres en raia.

Palleira *vid.* **pallona**.

Pallona *s.f.* Derrota contundente. *sin.* **chosca, malleira, palleira, tunda**.

Pampana *s.f.* Xogo que consiste en que un rapaz apoucha e se pon de burro e outro(s) salta(n) por riba del.

Paraxe *s.f.* Detemento, detención, parada, acougo, descanso (*Teu fillo non ten paraxe, é un fervello*).

Parseira/o s. Consogra/o.

Parsimonias s. Persoa que actúa de forma lenta.

Parvaxola/o s. Persoa coitada, con pouca intelixencia. *sin.* **párvoa**.

Párvoa *s.f.* Persoa de pouca intelixencia, aparvada. *sin.* **parvaxola/o**.

***Patatilla** *s.f.* Pataca fritida cortada en láminas finas e embolsada (castelanismo).

Pateiro *s.m.* Xogo coñecido noutras partes por *billarda* ou *estornela*.

Paxareta 1. *vid.* **fandanca**. 2. *vid.* **paxaretas**.

Paxaretada *s.f.* Dito ou feito que demostra pouca ou ningunha intelixencia. Emprégase sobre todo en plural (*Sempre conta as mesmas paxaretadas*).

- Paxaretas** 1. *adx.* Individuo aparvado.
sin. **paxareta, paxarola/o.** 2. *adx.*
Home moi influído e manexado por
mulleres (nai, irmás, esposa etc.).
sin. **aconado, conechas.**
- Paxareiteira/o** 1. *adx.* Dise da persoa que
louva ou gaba en exceso outra. 2. *adx.*
Persoa presumida que se gaba moito a
si mesma.
- Paxarola/o** *vid.* **paxaretas.**
- Peirán** *s.m.* Presa ou muro de pedra que
remansa as augas do río e así poder
desvialas para regar o campo ou para a
levada dun muíño.
- Pello** 1. *s.m.* Disco de ferro que se lanza no
xogo da chave ou pedriña plana para
xogar á *mariquitilla* (mariola). 2. *s.m.*
Cada unha das peciñas que compoñen
un mosaico, tesela. 3. *s.m.* Anaco de
louza ou cerámica desprendida dunha
cunca, fonte, tarteira etc. 4. *adx.*
Persoa moi fea. *sin.* **croio.**
- Pelouro** *s.m.* Pedra grande e irregular que
cabe nunha man.
- Peperete** *s.m.* Persoa de costumes libertinos.
sin. **berete, piringhallo, pirincallo.**
- Perucheiro** *s.m.* Pereira brava que dá
peruchos. *sin.* **pereiro.**
- Perucho** 1. *s.m.* Variedade de pera pequena
e silvestre. *sin.* **pero.** 2. *s.m.* Boliño de
pan no alto do molete.
- Petouraso** 1. *s.m.* Golpe dado co *petouro*
por unha ave. *sin.* **pinicaso.** 2. *s.m.*
Cabezada dada na cara, na cabeza ou
no corpo doutra persoa. 3. *s.m.* (por
extensión) Golpe dado cos puños na
cara doutra persoa.
- Petouro** 1. *s.m.* Pico dos paxaros e das
aves. *sin.* **pinico, pico.** 2. *s.m.* Nariz
ganchudo e prominente dunha persoa
(pola súa semellanza co pico dun
paxaro).
- Picha** *vid.* **pisa.**
- Pico** 1. *s.m.* Folla do piñeiro. *sin.* **candea.**
2. *vid.* **petouro.**
- Pilinghrina/o** *adx.* Persoa amante de estar
todo o día fóra da casa e andar de
serán e de noite por bares, tabernas e
festas. *sin.* **duaneira/o.**
- Pinada** *s.f.* Acto sexual. *sin.* **ferrete,**
foghetaso, foghete.
- Pinar** *v.* Realizar o acto sexual. *sin.* **chinghar,**
chincar, foder.
- Piotada** *s.f.* Masa cociñada no forno que ten
mala pinta.
- Piricoto** 1. *s.m.* Cumio dun monte ou dun
outeiro. 2. *s.m.* Parte máis alta dunha
árbore, dunha casa, dun penedo etc.
- Piringhallo** ou **pirincallo** 1. *adx.* Persoa
libertina ou de «moral despistada».
sin. **berete, peperete.** 2. *adx.* Persoa
excesivamente amiga das festas e das
diversións nocturnas. 3. *adx.* Persoa
mal vestida.
- Pirú** *s.m.* (*Melleagris gallopavo*) Ave galinácea
chamada *pavo* no resto de Galicia
(*peru* en portugués).
- Pisa** *s.f.* Órgano sexual masculino. *sin.* **carallo,**
picha, pirola.
- Pisca** *vid.* **pisca-pisca.**
- Pisca-pisca** *s.f.* Intermitente dos vehículos ou
de calquera outro foco de luz (unha
alarma, un faro, unha lámpada que
falla...).
- Pisco** *s.f.* (*Erithacus rubecula*) Paxaro que
ten o peito rubio, *paporrubio* noutras
partes de Galicia, *pisco* tamén en
portugués.

Pispardo *s.m.* Ser imaxinario con que se engana un incauto/a ou un apaxaretado/a.

Pitiñosa/o 1. *adx.* Persoa que ten os ollos moi pequenos ou moi pechados (e que se supón que por iso non ten unha visión clara). 2. *adx.* Lagañosa/o. 3. *adx.* Persoa de aparencia ou de constitución física moi débil.

Poalla *s.f.* Chuvia finiña, chuvia en pó.
sin. **borriso, chuvisca, poalleira.**

Poallar *v.* Caer chuvia fina. *sin.* **borrisar, chuviscar.**

Poalleira *vid.* **poalla.**

Podrico *s.m.* Dise do viño que se perdeu, que se acedou ou avinagrou.

Postouro 1. *s.m.* Achante secreto da chave da casa que só coñecen os seus habitantes (*Quen me levou as chaves do postouro?*). 2. *s.m.* Lugar secreto onde se agochan os obxectos e os documentos de valor. 3. *s.m.* Lugar habitual onde se garda ou onde se pon algo (*Vai limpar o postouro dos sapatos*). 4. *s.m.* Lugar onde adoitan poñer as galiñas. *sin.* **aniñadouro, niño.**

Poufeira/o *adx.* Persoa á que lle gusta moito estar sentada e sen facer nada.

Poupa *s.f.* (*Upupa epops*) Paxaro que en galego común se chama *bubela* e en portugués *poupa* (pronunciado *pôpa*).

Prixel 1. *s.m.* (*Petroselinum crispum*) Planta coas follas de cor verde escura que se emprega como condimento. *sin.* **perexil.** 2. *s.m.* Persoa moi presumida que anda co corpo e coa cabeza moi estirados.

Raspelar *v.* Rozar un obxecto a moita velocidade (*Aquel coche pasoume a raspelar, case me leva por diante!*).

Rau! *adv.* Reforzo expresivo dun insulto (*Saca de aí, rau parvo!*; *Móvete de aí, rau toupello!*; *Fala calado, rau pámpano!*). Equivale ao castelán *so* en «*iso tonto!*».

Rebolecha/o *vid.* **rebolo.**

Rebolo *adx.* Persoa regordecha e máis ben baixa.

Rebumbia 1. *s.f.* Conxunto desordenado de obxectos, persoas ou animais. 2. *s.f.* Ruído desagradable provocado por un grupo de persoas ou de animais.

Relo *s.m.* Cosco da fariña.

Ren *adv.* Adverbio que significa *nada* pero un *nada* tanxible, medible, mercable, pesable (*Meu pai non me comprou ren pero non me importa nada*). *sin.* **nada.**

Rens *s.f.pl.* Zona lumbar do corpo humano.

Revirichada/o *vid.* **enrevirichada/o.**

Revirichar(se) *vid.* **enrevirichar(se).**

Reviricho 1. *s.m.* Fío, floco, corda ou pelo retorto que sobresa e dun tecido ou da cabeza. 2. *s.m.* Aramio retorto que sobresa e dun obxecto.

Revoltallo *s.m.* Conxunto de moitas cousas sen orde nin método (*Que revoltallo de patacas trouxeches! Non as había máis grandes?*). Tamén era o nome do festival de música celebrado todos os anos na parroquia de Valadares. Actualmente pasou a denominarse Revoltalliño porque inclúe actuacións infantís.

Rexer *v.* Ter conta de algo para que non se esgote nun determinado tempo (*Teño que rexerlle os cartos porque é un man aberta*).

Rin *s.m.* Órgano que filtra o sangue e segrega a urina. *var.* **ren.**

Rincha *s.f.* (*Scomber scimbrus*) Peixe azul tamén chamado *xarda*.

Roña *vid. morriña*.

Roñosa/o *adx.* Persoa avara que aforra en exceso e dá o menos posible.
sin. cotrosa/o, morriñosa/o.

Sabidicha/o *s. e adx.* Persoa que pensa que sabe e entende de todo.

Samanca *s.f.* Calzado rústico coa sola de madeira e a empeña de coiro.

Samanexa/o *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña de Zamáns.

Sancristán *s.m.* Forma vulgar de *sacristán* por cruzamento con *san(to)*.

Sardomeira/o *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña de Sárdoma.

Serdeira *vid. sereixeira*.

Sereixeira *s.f.* (*Prunus avium*) Árbore que dá as cereixas. *sin. serdeira*.

Seviño *s.f.* (*Ilex aquifolium*) Arbusto de follas con bordo espiñado que dá bagas vermellas.

Sifro *s.m.* Insecto de patas longas e delgadas e ás transparentes que se alimenta de sangue e que adoita picarlles ás persoas polas noites. *sin. sínife*.

Sincotripas *s.* Persoa extremadamente delgada.

Sínife *vid. sifro*.

Solombo *s.* Cada unha das dúas tiras de carne situadas ao longo do lombo do porco.

Soqueira/o *s. e adx.* Xentilicio popular aplicado á xente do Porriño.

Sucre *s.m.* Substancia de cor clara, sabor doce e soluble en auga empregada para adoazar os alimentos e as bebidas.

Sudre 1. *s.m.* Augas fecais ou residuais, ou en xeral augas sucias. 2. *s.m.* Cheiro ou fedor moi desagradable.

Sulú *vid. abisinia/o, toutisa/o.*

Tangher ou **tanquer** *v.* Tocar, empuxar, aguilloar, chuzar para que un animal ou unha persoa se movan (*Para que fagas algo hai que tanquerte coma aos bois*).

Tareco 1. *s.m.* Obxecto inservible, inútil, arrombado nun faiado ou nun baixo. 2. *adx.* Persoa pouco hábil ou torpe para o traballo.

Testeiro *s.m.* Calor forte e intensa do sol (*Non te poñas ao testeiro do sol que che vai dar unha insolación*).

Tibeza *s.f.* Calafrío.

Tirisón *s.m.* Gran molesto que sae na beira das pálpebras dos ollos. *sin. ollo cacheiro*.

Torneselo *s.m.* Articulación do pé coa perna chamada *nocello* ou *artello* noutras partes de Galicia (*tornozelo* en portugués).

Torreiro *s.m.* Espazo público onde se celebran as festas das parroquias, onde se fan os bailes etc.

Tralla *s.f.* Borracheira.

Trallada/o *s.* Persoa que está mal da cabeza e pensa ou fai tolerías. *sin. ghillada/o, tola/o*.

Toupeira 1. *s.f.* Mamífero que vive baixo terra e que se alimenta de miñocas e vermes. 2. *s.f.* Persoa extremadamente torpe e inútil para facer calquera cousa. *sin. montón, toupello*.

Toupello *adx.* Persoa extremadamente torpe e inútil para facer nada.

Toureira/o *adx.* Animal ou individuo moi excitado sexualmente.

Toutisa/o 1. *adx.* Persoa asocial, fuxidía, esquiva, que non fala con ninguén e que ten un mal mirar. *sin. abisinia/o, sulú*. 2. *adx.* Persoa indecisa, aparvada, pasmona.

Trapallo *adx.* Persoa que fai mal as cousas, de calquera maneira. *sin.* **trapalleiro**.

Trinquillón *s.* Tratante de gado vacún ou equino.

Trucasa *s.f.* (*Columba palumbus*) Pombo.

Turolón/ona *s.* Persoa que actúa sen pensar. *sin.* **toleirán/ana**.

Turullo *s.m.* Excremento humano.

Vaghamunda/o 1. *s.* e *adx.* Persoa pobre e sen fogar que deambula polas rúas ou «vaga polo mundo» (vulgarismo por *vagabundo*). 2. *adx.* Persoa que non para moito na casa e anda sempre por fóra. 3. *s.* Persoa que non quere traballar.

Valadarexa/o *s.* e *adx.* Persoa nativa ou veciña de Valadares.

Vareixa *s.f.* Insecto semellante á mosca pero de maior tamaño.

Vasoura *s.f.* Utensilio que serve para varrer. *var.* **vasoira**.

Vella-comendo-nas-papas *vid.* **lusincú**.

Ventimperio 1. *s.m.* Persoa exposta ás inclemencias meteorolóxicas

(na expresión vulgar «estar ao ventimperio»). 2. Edificación sen cuberta (por «á intemperie»).

Viño de masán *s.* Bebida resultante do bagazo da mazá prensado e fermentado. En parroquias como Bembrive ou Candeán era tradicional e tiña boa sona a elaboración caseira desta bebida. *sin.* **sidra**.

Virghallada *s.f.* Cousa bonita, ben feita, ben construída, extraordinaria (*Pintache a moto e quedouche unha virghallada*).

Vitrassa *s.m.* Acrónimo de **Viguesa de Transportes S. A.** que en Vigo acabou derivando en sinónimo de bus urbano.

Vitraseira/o *s.* Persoa que en Vigo conduce autobuses urbanos.

Xandoca/o *s.* Persoa aparvada.

Xirinoca/o *s.* Persoa indolente, pusilánime, sen carácter, un miñaxoia. *sin.* **xiritó**.

Xiritó *vid.* **xirinoca**.

Xudiar (con) *v.* Meterse de broma con alguén, provocar amigablemente sen ánimo de ofender, só para facer rabiar.

Para rematarmos co léxico, querían debullados uns mínimos apuntamentos onomásticos e topónimos, pois é na toponimia onde conservamos os mellores e máis auténticos fósiles lingüísticos.

Un é o do topónimo onomástico **O Xepemighel** (en Comesaña), no cal temos de primeiro elemento o hipocorístico galego **Xepe**, e non *Pepe*, pois aínda que este último nome familiar de Xosé sexa moi popular, non deixa de ser un catalanismo que nos entrou polo castelán hai menos de douscentos anos. Ademais de Xepe, outros hipocorísticos ou nomes familiares de Xosé son *Xe*, *Che*, *Chiño* e *Seso*. Todos os Xepes celebramos o día de San Xosé.

E o outro apuntamento é o que nos fornece o topónimo **A Maremighés** (en Bembrive) co apelido *Migués* (ou *Miguez*) ben acentuado no *é*. *Migués* (ou *Miguez*) significa fillo de Miguel, e non é *Míguez*, do mesmo xeito ca no castelán non é *Míguelez* senón *Miguélez*. Non esquezamos,

ademais, que na ría da Arousa é común a variante *Miguéns*, coa sílaba ben acentuada (e coa terminación analóxica occidental *-ns* como *Fins* por *Fiz* etc.).

Ao rego dos cambios de acentuación dos apelidos, en Vigo temos moitos **Davila** (sobre todo en Cabral e en Lavadores) e moitos **Falque** (todos os Falque do mundo están en Coruxo e en Navia), que ás veces son mal escritos ou mal pronunciados como *Dávila* ou *Falqué*, desviacións forzadas pola ignorancia e polo castelán que son espalladas polos medios e que volven irrecoñecibles estes nosos apelidos. Ao igual que é *Insua*, e non *Insúa*; ou *Araúxo*, e non *Arauxo*; ou *Abalo*, e non *Ábalo*; ou *Nóvoa*, esdrúxulo, e non *Novoa*; o mesmo diremos de *Davila* (ou *Da Vila*) e *Falque*.

Fóra dos apelidos comúns co resto de Galicia como *Alonso* (en galego correcto *Afonso*), *Fernández*, *González*, *Iglesias* (correcto *Eirexas* ou *Igrexas*), *Martínez* (correcto *Martíns*), *Méndez*, *Núñez* (correcto *Núnez*), *Pérez*, *Rodríguez* etc., son característicos de Vigo apelidos como *Abalde*, *Abreu*, *Cameselle*, *Caride*, *Comesaña*, *Costas*, *Davila* (ou *Da Vila*), *Docampo* (ou *Do Campo*), *Falque*, *Ramilo*, *Román*, *Seijo* (correcto *Seixo*, do *Seixo*, Cabral), *Villar* (correcto *Vilar*, apelido toponímico de Vilar, Lavadores) etc.

Toda a toponimia de Vigo ten que ter como forma oficial a forma galega (art. 10 da Lei de normalización lingüística de 1983). Coma en toda Galicia, por castelanización ignorante e forzosa, durante épocas pasadas acastrapáronse algúns deles en aberracións ou adaptacións como *Corujo*, *Valladares*, *Sayanes*, *Oya*..., que desde 1983 por lei teñen que ser oficialmente *Coruxo*, *Valadares*, *Saiáns*, *Oia* etc. Pouco a pouco vanse restituíndo estas formas auténticas e autóctonas nos usos oficiais e tamén na fala da xente, mesmo cando as persoas falan en castelán, porque os nomes propios nunca se deberían deturpar. O único que se resiste a este efecto restitutivo é *Valladares*, porque así o seguen a utilizar ilegalmente algunhas institucións, a prensa escrita e audiovisual de Vigo e mesmo a sinalética viaria implantada polas distintas administracións.

Taboada Leal, en 1840, e Ávila y la Cueva, en 1852, expresábanse claramente a este respecto decendo que: «...se nombraba mas comunmente *Valadares* y todavía muchos naturales del país, y con especialidad los vecinos de la parroquia, la denominan de este último modo (*Valadares*)» (Luna e Navaza, 2022: 14-17).

Polo tanto, ninguén poderá argüír nunca que «fue Valladares siempre, de toda la vida». Que vida? A dos últimos 150 anos nunha historia documentada que ten máis de 1000? O topónimo *Valadares*, que significa lugar onde abundan os valados, existe tamén en Galicia nos concellos de Forcarei, Oza dos Ríos, Outes, Pontevedra e Sarria; en Portugal rexístrase nos concellos de Monção e Gaia; e mesmo en Santiago de Compostela hai unha rúa de Valadares. Que razón hai para seguir a denominar esta parroquia viguesa coa forma castelanizada na documentación municipal e na prensa? Non é tradición recente, é ignorancia ou reticencia ao raciocinio e á (re)galeguización. E aínda por riba o xentilicio popular desta parroquia hoxe segue a ser *valadarexa/o*, clarisimamente con ele.

5. RAMO

En resumo, poderíamos decer que na fala de Vigo hai (ou había) dúas zonas lixeiramente diferenciadas: norte (FN) e sur (FS), e que existe unha zona de transición ou confluencia entre as dúas que denominamos Fragoso mixto (FX), onde poden coexistir sons ou voces de ambas as zonas. As falas de Oia, Saiáns e Zamáns coinciden coas do FS para iren converxendo coas solucións morfolóxicas e léxicas dos vales do Miñor (Gondomar, Nigrán e Baiona) e da Louriña (Mos, O Porriño e Salceda de Caselas).

Fragoso norte	Fragoso sur
Gheada velar: <i>khicho de Vikho</i>	Gheada aspirada: <i>ghicho de Vigho</i>
Seseo apical: <i>sen veses</i>	Seseo predorsal: <i>çen veçes</i>
Acento interrogativo descendente	Acento interrogativo circunflexo
Léxico: <i>pardal, paporrubio...</i>	Léxico: <i>charrau, pisco...</i>



Mapa 16. As microzonas dialectais no Val de Fragoso

Poderíamonos estender con máis diferencialismos verbais, por exemplo o radical de perfecto *tru-* do verbo *traer* en formas como *trúen* ou *truera*; ou co radical regular *hab-* do verbo *haber* no presente de subxuntivo: *haba, habas...* (xunto con *haxa, haxas...*) ou coas P2 do presente de indicativo de *ter*: *ti tès, tès* e *teis*.



Mapa 17. P2 do presente de indicativo do verbo *ter*

Ou con máis formas léxicas do Fragoso como a extensión de *funcho/fiúncho*, *feito/fento* ou *gado/gando*.



Mapa 18. *Fiúncho*, *gando* e *fento* no suroeste de Pontevedra

Pero non era o obxecto deste opúsculo ofrecer un traballo académico rigoroso e exhaustivo, senón un libro divulgativo para a xente sen entrarmos en demasiadas fonduras filolóxicas e lingüísticas.

Iso si, por favor, esquezamos as parvadas que de cando en vez se publican na prensa sobranceando que en Vigo temos unha xerxa especial porque dicimos *collín un vitrasa*, *comprei un faro* e *comín patatillas*. É o descubrimento da pólvora mollada de quen acaba de chegar a Vigo ou de quen ignora que Vigo é moito máis ca a Alameda, o Príncipe ou García Barbón, que hai un Vigo en Roris, na Falcoa, na Espedrigada, en Mide, en Baruxáns, no Carballal, en Redomeira ou no Freixo que segue a falar o galego de sempre.

En Vigo temos unha variedade galega «coas súas cousiñas», coma todas as áreas dialectais galegas. Pero estas cousiñas son as nosas, as que nos legaron os milleiros de viguesas e vigueses anónimos que viviron e traballaron nesta terra desde hai centos ou miles de anos. Coñecermos a súa herdanza é o primeiro paso para valorala, amala, recuperala, difundila e incorporala con orgullo á **nosa vida cotiá** de hoxe en día.

A min faime moita graza cando alguén me pregunta: «¿Y tú eres de Vigo? Es que como hablas siempre en gallego...». Eu sempre lles respondo: «Non, tes razón, eu non son de Vigo, eu son dunha aldea, pero da maior aldea etimolóxica do mundo: **Vigho**, que vén do latín VICUS, que significa aldea. Pode que ti sexas de Vigo (de Vigo hoxe pode ser quen queira) pero eu son de Mantelas (Freixeiro), e meus pais de Castreliños e das Espadeiras, e meus avós e bisavós e tataravós de Lavadores, de Sárdoma, de Castrelos, de Pereiró, de Teis, de Matamá e mesmo da Navia histórica». E acabo por lle devolver a pregunta: «E logo ti de onde vés sendo? De Navalcarnero, de Cuernavaca ou de Cochabamba? É que, claro, como falas en castelán...».

Bibliografía

- Álvarez Blanco, R. e X. Xove (2003): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Costas González, X. H. (1988): «As alteracións do /E/ no suroeste galego», *Verba* 15, pp. 385-391.
- Costas González, X. H. (1991): «O sufixo *-eiro* con valor uninumerizador no suroeste galego», en *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. I, Santiago de Compostela: USC, pp. 127-132.
- Costas González, X. H. (1996): *Aproximación sincrónica e diacrónica ó estudio das sibilantes galegas*. Tese de doutoramento inédita. Santiago de Compostela: Facultade de Filoloxía da USC.
- Costas González, X. H. (2015): «Un resto de latinidade en djudezmo, sardo e galego: a construción verbal paraperifrástica *Querer + participio*», *Revista de Filología Románica* 32-2, pp. 213-223.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- García Represas, D. (2001): «A necesidade e maila obriga en galego», en *Cadernos de Lingua* 23, pp. 89-116.
- González González, M. (1991): «Subsistemas de sibilantes no galego actual», en *Actas do XVIII CILPhR*, Tréveris, vol. 3, pp. 531-548.
- Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas Lingüístico Galego* vol. I. *Morfoloxía verbal* (1995), coord. F. Fernández Rei; vol. II. *Morfoloxía non verbal* (1999), coord. R. Álvarez Blanco; vol. III. *Fonética* (2003), coord. M. González González; vol. IV. *Tempo atmosférico e cronolóxico* (2005), coord. F. Fernández Rei; vol. V. *O ser humano* (I) (2015), coord. R. Álvarez Blanco, F. Dubert García e X. Sousa; vol. VI. *Terras, plantas e árbores* (2020), coord. Francisco Fernández Rei; vol. VII. *O ser humano* (II) (2021), coord. R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa Fernández. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Luna, A. e G. Navaza (2022): *Toponimia do Val de Fragoso. 8: Valadares*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.
- Mariño Paz, R. (2017): *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Xerais.


EN GALEGO VIVO VIGO, EN GALEGO VIGO VAI

Agora podedes ir anotando nesta folla outras palabras e expresións viguesas que coñezades ou que escoitades e, se nos facedes o favor, poderíadesnolas enviar a faladoirosgalego@gmail.com, porque con este tesouro comunal queremos ir facendo un peto nas redes para logo ilo espallando. Na páxina dos Faladoiros-Vigo iremos engadindo o que nos enviedes.

Graciñas por quererdes ser persoas viguesas e galegofalantes «con orgullo e alegría»:

Este libríño imprimiuse
o 6 de outubro de 2024
no 117 aniversario do primeiro discurso público en galego
e no Ano das Letras Galegas
en homenaxe á poeta e violinista coruñesa
Luísa Villalta, que profetizou o Vigo moderno no verso:

A luz artificial non nos deixa pensar que soñamos



Asociación Faladoiros Vigo

A Asociación Faladoiros Vigo naceu no verán de 2020 co fin de promover a nosa lingua e de ofrecerlles espazos de práctica ás persoas que quixeren comezar a falar ou a mellorar a súa competencia oral en galego. Desde aquela, organizou unha chea de sesións presenciais e virtuais semanais que acollen participantes de diversas nacionalidades. Esta actividade complementase con campañas de promoción do galego como «Fálao, ti que podes», visitas culturais e conferencias. En 2023 recibiu o premio Mil Primaveras da CTNL pola valorización e o fomento da nosa lingua.



A fala de Vigo

Trazos diferenciais da nosa variedade dialectal

Este opúsculo xurdiu o día en que a Asociación Faladoiros Vigo lle encargou ao catedrático da UVigo Xosé-Henrique Costas unha conferencia sobre «A fala de Vigo». En Vigo, a cidade máis castelanizada de Galicia, é posible escoitar o galego pola rúa, en buses e mercados, en bares e tendas máis, sobre todo, nas parroquias.

Nas parroquias de Vigo (Alcabre, Beade, Bembrive, Bouzas, Cabral, Candeán, Castrelos, Comesaña, Freixeiro, Lavadores, Matamá, Navia, Oia, Saiáns, Sárdoma, Teis, Valadares e Zamáns) o galego segue a ser a lingua cotiá ou maioritaria de non poucos veciños e veciñas. A eles e elas acudimos para recoller e catalogar os principais trazos fonético-fonolóxicos, prosódicos, morfolóxicos, léxicos e fraseo-

lóricos do falar do Val de Fragoso, algúns deles trazos exclusivos do noso concello e outros compartillados coas falas do suroeste de Pontevedra.

En fraseoloxía recolleemos máis de medio cento de refráns, frases feitas e locucións típicas do galego falado en Vigo. En léxico recolleemos –como mostra– máis de 400 palabras características ou exclusivas do falar de Vigo. En ambos os casos sempre cun obxectivo concreto: que os vigueses e viguesas máis novos lembremos e a xente que veu de fóra aprenda como falamos aínda aquí, para aproveitarmos e reutilizarmos todas esas ferramentas e posibilidades lingüísticas no noso galego actual. Así é como falamos o galego as persoas naturais de Vigo.

Área de
Normalización Lingüística

Universidade de Vigo

